IES LEIRAS PULPEIRO

# PROGRAMACIÓN
# DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA

## CURSO 2020 – 2021

| DATOS DO DEPARTAMENTO | | | |
|---|---|---|---|
| **Materia** | **Curso** | **Grupos** | **Profesor/a** |
| ***Música*** | 2º ESO | **5** | **Concepción González García** |
| ***Música*** | 3º ESO | **3** | **Concepción González García** |
| | | **1** | **María Cabo carballal** |
| ***Música*** | 4º ESO | **2** | **María Cabo carballal** |
| ***Linguaxe e Práctica Musical*** | 1º BAC | **2** | **María Cabo carballal** |
| ***Historia da Música e da Danza*** | 2º BAC | **1** | **María Cabo carballal** |
| ***Xefa de departamento: María Cabo Carballal*** | | | |

# CONTEXTUALIZACIÓN

## Características do centro

**Situación:** Rúa Orquídea, 45, 27004 Lugo
**Centros adscritos:**
CEIP de Casás (Lugo)
CEIP Menéndez Pelayo (Lugo)
**Características**:O centro está situado nunha zona periférica da cidade, de contorna socieconómica media-baixa con abundancia de vivendas sociais.
**Ensinanzas que oferta o centro:** ESO / Bacharelato

## Características do alumnado

**Lingua materna dominante:** Castelán e galego

**Alumnado con NEAE no curso actual:**
Alumnos/as con trastornos xerais do desenvolvemento (trastornos do espectro autista), escolarizados nunha unidade de educación especial en diferentes cursos da ESO
Pode haber alumnos que precisen adaptación curricular individualizada ó longo do curso por presentar problemas de atraso académico ou de psicomotricidade, matriculados en distintos cursos da ESO.

**Problemas sociais destacados:**
Problemas sociais destacados: abandono escolar, absentismo...
Casos illados de alumnado con familias desestruturadas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan presentar problemas educativos.
Poboación de etnia xitana: unha altísima porcentaxe non adoita rematar a ESO.

**Outras características:**
Poboación inmigrante, en xeral ben integrados.

# MÚSICA - ESO

# INTRODUCCIÓN

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado. Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica. A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo. Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical. Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional. O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado. Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade. Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición

musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula. Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

# METODOLOXÍA

## 1. ASPECTOS XERAIS

O Decreto 86/2015, de 25 de xuño, establece no seu artigo 11 uns principios metodolóxicos que deberán orientar o traballo durante a etapa da educación secundaria obrigatoria. Entre eles préstase unha especial atención á consideración da atención á diversidade, ao favorecemento da capacidade para aprender por si mesmos, ao valor da aprendizaxe en equipo, ao emprego de metodoloxías activas e participativas, ao enfoque multidisciplinar do proceso educativo, á promoción da comprensión da lectura e do uso da información e ao deseño de actividades de aprendizaxe multicompetenciais, como pode ser a metodoloxía por proxectos. De acordo con ditos principios o departamento de música aposta por unha metodoloxía que fomente aspectos como os seguintes:

- **Partir da competencia inicial do alumnado**
- **Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe**
- **Potenciar as metodoloxía activas:Combinar traballo individual e cooperativo**
- **A confirmación dos saberes teóricos a partires de actividades de carácter práctico, como a audición ou a interpretación.**
- **A importancia da contextualización da música, como feito histórico que é, e a análise das súas características á luz das circunstancias nas que foi creada.**
- **Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas**
- **Uso habitual das TIC.**
- **Papel do profesor/a como facilitador do proceso de aprendizaxe.**

## 2. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- **Memorización comprensiva**
- **Resolución de cuestionarios, escritos ou orais**
- **Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, gravacións, vídeos**
- **Elaboración de sínteses, esquemas, mapas conceptuais...**
- **Análise e comentario de audicións, vídeos, documentos, gráficos, mapas, táboas de datos, etc..**
- **Ocasionalmente, realización de traballos de ampliación a partires de contidos básicos expostos na clase. Poden ser traballos de carácter voluntario ou obrigatorio, a realizar fóra da aula, empregando fontes de información "externas" e utilizando soportes dixitais o presentacións na aula.**
- **Para as actividades relacionadas coa interpretación instrumental ou vocal empregaranse técnicas como a imitativa (pregunta-resposta entre profesor e alumnado); a lectura rítmica previa de peza a interpretar con instrumentos; o estudo por pequenas pasaxes (especialmente cando aparecen novidades, como novas notas alteradas ou ritmos de especial dificultade).**

# MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

**LIBRO DE TEXTO:** Non hai libro de texto. Traballarase con fichas, partituras, textos, fotocopias e material dixital proporcionado polo profesorado. Preferiblemente o material como temas, custionarios amplos, resúmenes, etc, deixarase a disposición do alumnos na aula virtual para que eles mesmos o impriman evitando así contacto físico. Nos casos de alumnado sen posibilidade de imprimir o material, facilitarase este a través da fotocopiadora do centro. Nalgúns casos, cando o tema conste de varios folios, será o propio alumno quen asuma o custo das fotocopias. O material para o traballo diario na aula tal como fichas de exercicios, partituras ou cuestionarios concretos, facilitarase ó alumnado de xeito gratuíto.

**MATERIAL APROTADO POLO ALUMNADO:** Será obrigatorio para o alumnado certo material que deberá levar e usar na materia de música e que se lle indicará ó comezo do curso, tal como caderno pautado ou folios pautados para traballar en pentagramas, caderno ou folios para escribir, carpeta ou clasificador para gardar o material ordenadamente, bolígrafos e material de escritura...

**AULAS:** O centro consta dunha aula específica para a materia de música equipada con instrumentación Orff, dous pianos eléctricos, ordenador,unha pequena mesa de son, equipo de música e canón proxector. Será alí onde se impartan a maior parte das sesións da materia. Pola imposibilidade de organización debido o elevado número de horas de ocupación da aula de música, e tendo en conta a imposibilidade de utilización dos instrumentos da aula debido á actual situación sanitaria, os grupos de 2º ESO darán a materia na súa aula de referencia. Os grupos de 3º ESO e 4º ESO utilizarán a aula de música.

**AULA VIRTUAL:** Constará de cursos para cada nivel da materia e será a través dela onde se ofreza boa parte do material de música. Servirá tamén para a proposta de actividades obrigatorias ou voluntarias, para ofrecer información adicional dos temas e incluso enlaces de interese a contidos dixitais relacionados coa materia.

**INSTRUMENTOS MUSICAIS:** Ante a imposibilidade no presente curso da utilización de instrumentos Orff da aula e das frautas doces para as clases prácticas, priorizarase a utilización do propio corpo como instrumento e de elementos percusivos como pupitres, carpetas, bolígrafos, e incluso obxectos cotiáns como vasos de plástico, culleres, etc... aportadas polo alumnado . Tamén se utilizarán instrumentos de percusión creados polos alumnos como maracas, tambores, claves, etc... Se a situación sanitaria o permitise nalgún momento do curso, sen embargo, introduciríanse de novo os instrumentos Orff almacenados na aula.
Por outra banda, para a práctica de partituras melódicas, o departamento intentará, de ser posible, aproveitar recursos tecnolóxicos do alumnado, tales como o teléfono móbil, para usar como instrumento a través da instalación de aplicacións de piano interactivo.

**OUTROS MATERIAIS:**

- Recursos audiovisuais (vídeos on-line, fotos, arquivos de audio...)
- Actividades interactivas elaboradas con software educativo (JavaClic, Ardora, EdiLIM...)
- Outros programas informáticos relacionados co son e a música: secuenciadores (Vegas), editores de partituras (Encore, Finale, Sibelius...), programas de karaoke, editores de audio e de vídeo (Audacity, MovieMaker, etc.)
- Sistemas e material de gravación de audio e vídeo ( micrófonos, cableado, mesas de son,cámara de vídeo... )

# ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Como se puxo de manifesto no apartado dedicado á metodoloxía, a atención á diversidade, a construción do coñecemento partindo da competencia inicial do alumnado e o respecto aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe son elementos básicos da nosa práctica metodolóxica. De conformidade con eles e en estreita colaboración co departamento de orientación o profesorado do departamento tomará en cada momento as medidas que se consideren máis axeitadas para cubrir as necesidades específicas de aprendizaxe de cada alumno ou alumna, dentro das limitacións que o tempo, o tamaño das aulas e a amplitude dos currículos impoñen á nosa tarefa docente.

Non obstante o primeiro paso para a adopción das devanditas medidas é a detección do alumnado que as require, proceso que non se poderá dar por completado neste curso ata rematar as avaliacións iniciais e incluso a primeira avaliación.

## Medidas de atención á diversidade no presente curso

- Materiais e recursos didácticos diferenciados no caso de haber alumnado con adaptación curricular individualizada ou outra causa xustificada.
- Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula: Cóntase cunha mestra especialista en Pedagoxía Terapéutica, para dar apoio ao alumnado escolarizado en réxime combinado na aula de autismo. Tamén pódese contar con apoio na aula en caso de adaptacións curriculares que así o precisen, sempre que haxa dipoñibilidade horaria por parte do persoal de apoio.
- Farase a adaptación metodolóxica necesaria para os alumnos que así o precisen, tanto se contan con adaptación curricular como se existe outra causa que así o xustifique.
- Adaptaranse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para os alumnos que así o precisen, tanto se se contempla nunha adaptación curricular como se existe outra causa que o xustifique, como é o caso de alumnado con altas capacidades

# MÚSICA 2º ESO

| OBXECTIVOS |
|---|
| 1. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. |
| 2. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. |
| 3. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera outra manifestación de violencia contra a muller. |
| 4. Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas; e resolver pacificamente os conflitos. |
| 5. Desenvolver habilidades básicas no emprego das fontes de información, para obter novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, en especial as da información e a comunicación. |
| 6. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en asignaturas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia. |
| 7. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. |
| 8. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas; e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. |
| 9. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito adecuado. |
| 10. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que teñan realizado achegas importantes á cultura e á sociedade galegas, ou a outras culturas do mundo. |
| 11. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas; respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal; incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora. |
| 12. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, empregando diversos medios de expresión e representación. |
| 13. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia; participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio dese dereito. |
| 14. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. |

| 2º ESO - Secuenciación e temporalización dos contidos | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Avaliacións** | **UNIDADES DIDÁCTICAS** | | | **Temporalización** |
| | **Unidade** | **Bloque** | **CONTIDO** | **Mes** |
| **1º AVALIACIÓN** | **1** | B1.1 | Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: PENTAGRAMA, CLAVE DE SOL, , NOTAS NO PENTAGRAMA. | **SETEMBRO/ OUTUBRO** |
| | | B1.7 | Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical. | |
| | | B2.7 | Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora. | |
| | **2** | B1.1 | Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical:PULSO, FIGURAS, PLICAS, COMPÁS, COMPASES BÁSICOS | **OUTUBRO/ NOVEMBRO** |
| | | B2.2 | Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais. | |
| | | B2.4 | Elementos que interveñen na construción dunha obra musical (ritmo, melodía, forma, harmonía , textura) | |
| | **3** | B1.1 | Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: SIGNOS DE PROLONGACIÓN, SIGNOS DE REPETICIÓN | **NOVEMBRO/ DECEMBRO** |
| | | B1.4 | Agrupacións vocais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo. | |
| | | B2.3 | Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e das agrupacións vocais. | |
| | | B2.3 | Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e das agrupacións vocais. | |
| | **En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas.** | | | |

# 2º ESO - Secuenciación e temporalización dos contidos

| Avaliacións | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | Temporalización |
|---|---|---|---|---|
| | Tema | Bloque | CONTIDO | Mes |
| 2º AVALIACIÓN | 4 | B1.1 | Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: TON E SEMITÓN | XANEIRO/ FEBREIRO |
| | | B1.3 | Os instrumentos e o corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais. | |
| | | B2.3 | Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de instrumentos e das agrupacións instrumentais: Os instrumentos de corda na orquestra | |
| | | B2.2 | Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: dinámica e agóxica | |
| | 5 | B1.1 | Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: AS ALTERACIÓNS | FEBREIRO/ MARZO |
| | | B2.3 | Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de instrumentos e das agrupacións instrumentais: Os instrumentos de vento na orquestra | |
| | | B2.4 | Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: carácter e expresión. | |
| | En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas. | | | |

| 2º ESO - Secuenciación e temporalización dos contidos | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Avaliacións | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | Temporalización |
| | Tema | Bloque | CONTIDO | Mes |
| 3º AVALIACIÓN | 6 | B1.1 | Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical:ESCALAS, GRAOS DA ESCALA. | ABRIL/ MAIO |
| | | B1.4 | Agrupacións instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas: Os instrumentos galegos | |
| | | B2.3 | Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de instrumentos e das agrupacións instrumentais: Os instrumentos de percusión | |
| | | B2.3 | Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de instrumentos e das agrupacións instrumentais: Os instrumentos Orff (instrumentos da aula). | |
| | 7 | B1.1 | Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical: INTERVALOS E ACORDES | MAIO/ XUÑO |
| | | B3.1 | A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica ou publicitaria. | |
| | | B3.2 | Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | |
| | | B3.3 | Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. | |
| | | B3.6 | O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e a comunicación. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. | |
| | | B4.6 | O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e o seu desfrute. | |
| | En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas. | | | |

| 2º ESO - CONTIDOS COMÚNS A TODOS OS TEMAS | |
|---|---|
| **Bloque** | **Contido** |
| B1.6 | Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música. |
| B1.8 | Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación |
| B1.10 | Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director/a e aos/ás outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto. |
| B1.11 | Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. |
| B1.12 | Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión. |
| B1.15 | Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras. |
| B2.1 | Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada. |
| B2.5 | Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita. |
| B2.6 | Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias peferencias musicais. |
| B3.4 | Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. |
| B3.5 | Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas. |
| B4.1 | Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da Internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical. |
| B4.2 | Aplicación de diferentes técnicas de gravación, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. |
| B4.3 | Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical. |
| B4.4 | Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais. |
| B4.5 | Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. |
| B4.6 | O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e o seu desfrute. |
| **Terase en conta que pode haber contidos imposibles de impartir debido á actual situación, ben por non dispoñer de aula de informática e ordenadores para todos os alumnos, ben pola propia imposibilidade física que conleva a falta de movilidade do alunado dentro da aula.** | |
| **ACTITUDE E ESFORZO** | |
| **Bloque 5** | **Contido** |
| B5.1 | Aceptación e cumprimento das normas de convivencia na aula |
| B5.2 | Aceptación da autoridade do profesorado |

| | |
|---|---|
| B5.3 | Realización das tarefas encomendadas |
| B5.4 | Esforzo e interese ó realizar as tarefas encomendadas |

Terase en conta tamén que este presente curso hai contidos imposibles de impartir por entrar en contradición co propio protocolo covid, ben porque supón movemento dentro da aula, interpretacións vocais non permitidas pola distancia de seguridade, ou utilización de instrumentos musicais que non van estar dispoñibles para o alumnado.

## 2º ESO - CONTIDOS SUPRIMIDOS NO PRESENTE CURSO

| Bloque | Contido |
|---|---|
| B1.2 | Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas. Exploración e descubrimento das posibilidades da voz como medio de expresión musical. |
| B1.5 | Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. |
| B1.9 | Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e interpretación dun repertorio variado de danzas. |
| B1.13 | Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical. |
| B1.14 | Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades da aula. |
| B1.16 | Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais. |

# 2º ESO - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **50%** | **B1.1.** | MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | CCEC ▪ CCL |
| **50%** | | MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | CMCCT ▪ CCEC |
| **20%** | | MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | CMCCT ▪ CCEC |
| **50%** | **B1.2.** | MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | CCEC |
| **20%** | **B1.3.** | MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os ritmos máis comúns | CAA ▪ CCEC |
| **50%** | **B1.4.** | MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | CAA ▪ CCEC |
| **30%** | | MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | CCEC |
| **50%** | **B1.5.** | MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | CSIEE |
| **30%** | **B1.6.** | MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | CCEC |
| **30%** | | MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas do patrimonio español e galego. | CCEC |
| **50%** | | MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. | CSC |
| **50%** | | MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo | CSC |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | **CL, EOE, EMP,EC, PV** | | |

Terase en conta a imposibilidade de calquera tipo de práctica vocal dentro da aula, así como a imposibilidade da interpretación en grupo con instrumentación Orff. Os estándares referidos á interpretación contemplarán unicamente aquela realizada coa metodoloxía e material que a situación pandémica permita.

# 2º ESO - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 2: ESCOITA

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **50%** | **B2.1.** | MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | CCEC |
| **50%** | | MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | CCEC |
| **20%** | **B2.2.** | MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. | CCEC |
| **50%** | **B2.3.** | MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | CSC |
| **40%** | **B2.4.** | MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. | CCL ▪ CCEC |
| **20%** | | MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. | CCEC |
| **50%** | | MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. | CCL |
| **50%** | **B2.5.** | MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | CSC |
| **20%** | | MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. | CSIEE ▪ CD |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | | **EOE, CA, EC, PV** | |

# 2º ESO - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **40%** | **B3.1.** | MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. | CCEC |
| **50%** | **B3.2.** | MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. | CCEC |
| **50%** | **B3.3.** | MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego | CCEC |
| **50%** | | MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais e instrumentais do patrimonio español e galego. | CCEC |
| **40%** | | MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. | CCEC |
| **50%** | **B3.4.** | MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais | CCL |
| **40%** | | MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade | CCL |
| **20%** | **B3.5.** | MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | CD |
| **50%** | | MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | CAA |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | | **CL, EOE, CA, EC** | |

# 2º ESO - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **20%** | **B4.1.** | MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | **CD** |
| **20%** | **B4.2.** | MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musica | **CD** |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | | **CA, TIC,EMP** | |

# 2º ESO - Avaliación de criterios é estándares

| BLOQUE 5: ACTITUDES | | | |
|---|---|---|---|
| **Grao mín. de consecución** | **Id. do criterio** | **Estándares de aprendizaxe** | **competencias clave** |
| **50%** | **B5.1.** | Acepta e cumpre as normas de convivencia na aula | CCEC |
| **50%** | **B5.2.** | Acepta da autoridade do profesorado | CCEC |
| **50%** | **B5.3** | Realiza as tarefas encomendadas | CCEC |
| **50%** | **B5.4** | Amosa esforzo e interese ó realizar as tarefas encomendadas | CCEC |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | | **EMP, EOE, CA, EC, PV** | |

**Suprimíronse aqueles estándares imposibles de impartir debido ás limitacións que impón a situación actual: MUB 1.3.2, MUB 1,4,2, MUB 1.4.3, MUB 1.5.1, MUB 1.6.5, MUB 3.1.1,**

# 2º ESO - -AVALIACIÓN

## 1. Avaliación inicial

**Data de realización:**

Durante o mes de setembro

**Descrición das probas:**

A proba consistirá nun cuestionario de preguntas e respostas escritas, de exercicios de discriminación auditiva de notas e figuras e, eventualmente de exercicios de ritmo, coa fin de determinar o nivel de coñecementos e habilidades previas do alumnado.

**Consecuencias dos resultados:**

A avaliación inicial servirá como punto de referencia, tanto para tomar decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e ás programacións de aula, secuenciación de contidos, etc... Así como para tomar no seu caso as medidas de apoio, reforzo e recuperación oportunas para cada alumno ou alumna.

**Información ás familias:**

Se o resultado das probas así o aconsellara, a través dunha conversa directa coa familia,a través da figura do titor do grupo ou a través do equipo de orientación.

## 2. Avaliación continua

**Temporalización das probas de avaliación:**

Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación e un exame práctico de percusión rítmica, práctica instrumental ou aquilo que se traballe na aula a nivel práctico.

**Cualificación das probas:**

A cualificación de cada proba, ficha ou traballo calcularase sempre sobre 10 puntos.
O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.

**Media, ponderación e redondeo:**

Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa e rexistro no caderno do profesorado: MUB 1.4.1, MUB 1.5.2, MUB 1.6.3, MUB 2.3.1., MUB 3.2.1., MUB, 3.3.1, MUB 3.5.2, e todos os do bloque 5.
O 70% restante dividirase entre as distintas probas, fichas de clase e traballos relacionadas cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ó grao mínimo de consecución dos estándares.
O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.

**Instrumentos de avaliación:**

Cuestionarios escritos impresos ou a través da aula virtual, traballos de investigación propostos na aula ou a través da aula virtual, gravación fora da aula de vídeos ou audios con interpretacións vocais, rítmicas ou instrumentais, traballos creativos ou artísticos relacionados con audicións ou estilos musicais, probas tipo test ou de resposta curta impresas ou a través da aula virtual,

traballos de presentación ou exposición oral na propia aula ou a través de gravación en vídeo, resumes e esquemas, revisións dos cadernos de traballo ou do material do alumnado...

**Aspectos a valorar dentro da observación do traballo na aula:**

Contidos procedimentais relacionados coa interpretación rítmica e instrumental.
Actitudes reflectidas nos estándares de aprendizaxe."

**Recuperación dunha proba non superada:**

As probas non superadas non se recuperarán . Enténdese que a nota da avaliación é a media de diversas probas e traballos, de xeito que un alumno pode compensar unha mala nota nun exercicio mellorando a nota noutra proba.

**Recuperación dunha avaliación non superada:**

As avaliacións non superadas non se recuperarán, ó entenderse que a avaliación da materia é continua e que a media final establécese en base ós resultados das tres avaliacións. En liñas xerais diremos que o xeito de recuperar unha avaliación é superando a outra ou outras.

**Cualificación da avaliación final ordinaria:**

- Como norma xeral, seguirase o seguinte criterio:
  Con dúas avaliacións aprobadas o alumno/a aprobará a avaliación ordinaria.
- En todo caso, se a única avaliación aprobada é a terceira, o/a alumno/a poderá excepcionalmente aprobar a avaliación ordinaria sempre que a cualificación do seu esforzo e actitude (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa positiva.
- Con dúas avaliacións suspensas o alumno/a suspenderá a avaliación ordinaria.
- No caso de que a única avaliación suspensa sexa a terceira, o/a alumno/a poderá suspender a avaliación ordinaria cando a cualificación do seu esforzo e actitude (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa negativa.

# 3. Avaliación final

**Proba de avaliación final:**

Non hai proba de avaliación final. A materia é eminentemente procedimental, polo que o departamento considera que a avaliación continua é o referente principal.

**Criterios para a promoción:**

Dependerá do estimado polo equipo docente, que en todo caso referirase á madureza do/a alumno/a e á posibilidade de que poida cursar o seguinte curso sen dificultade.

# 4. Avaliación extraordinaria

**Procedemento de avaliación extraordinaria:**

Avaliarase cunha proba escrita sobre os contidos conceptuais de todo o curso. A proba valorarase sobre 10 puntos e cada pregunta levará indicada a súa puntuación máxima. O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.

# 5. Recuperación e avaliación de pendentes

Non hai alumnado pendente na materia de música neste nivel educativo, xa que é o primeiro ano que cursan a materia en secundaria.

# 2º ESO - ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO SEMIPRESENCIAL

<table>
<tr><td>CONTIDOS</td><td colspan="2">No caso de ensino semipresencial os contidos manteríanse tal como están, entendéndose que habería horas de docencia presenciais onde traballar aqueles máis prácticos e horas non presenciais onde reforzar aqueles teóricos.</td></tr>
<tr><td>ESTÁNDARES</td><td colspan="2">No caso de ensino semipresencial manteríanse igualmente os criterios estándares especificados na programación, pero cambiaría o grao de consecución para aqueles relacionados coa práctica instrumental: MUB1.4.1, MUB1.4.4, MUB1.6.4, que pasarían a ter un 30% no grao de consecucións en lugar do 50% que figura no documento, por entenderse que a dedicación a estes estándares non pode ser de igual peso que nun ensino presencial.</td></tr>
<tr><td>AVALIACIÓN</td><td colspan="2">Manteríase igual a avaliación da materia en caso de ensino semipresencial, podéndose facer algunhas das probas de xeito telemático en lugar de presencial neste caso, pero mantendo sempre a presencialidade a lo menos nunha proba escrita por trimestre.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">METODOLOXÍA</td><td>Actividades</td><td>As actividades en caso de ensino semipresencial serán principalmente de repaso e reforzo de todo o traballado na aula de xeito presencial. As actividades presentaranse preferiblemente a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, de investigación e busca na rede ou actividades de tipo artístico (interpretación de cancións vocais ou instrumentais gravadas en vídeo ou audio, etc.) Algunha actividade poderá ter carácter voluntario mentres outras serán obrigatorias e contarán na media da avaliación.</td></tr>
<tr><td>Materiais e recursos</td><td>O carecer de libro de texto nesta materia, o material de traballo estará feito polas propias profesoras do Departamento de Música: Cuestionarios, temas, e outras actividades en PDF ou impresos en papel para as clases presenciais, exercicios de identificación de audicións en mp3, enlaces a vídeos ou páxinas de interese. Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos Word e PDF, programas de edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta.</td></tr>
</table>

# 2º ESO - ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO NON PRESENCIAL

| | |
|---|---|
| **CONTIDOS** | No caso de ensino non presencial suprimiríanse os seguintes contidos ante a imposibilidade de traballalos a distancia sen supervisión directa, ou sen a posibilidade de contar co grupo::<br>• B1.8 Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.<br>• B1.10 Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director/a e aos/ás outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.<br>• B1.11 Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.<br>• B1.12 Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.<br>• B1.15 Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.<br>• B3.4 Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. |
| **ESTÁNDARES** | No caso de ensino  non presencial suprimiranse os seguintes estándares ante a imposibilidade de traballalos a distancia sen supervisión directa, ou sen a posibilidade de contar co grupo:<br>• MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os ritmos máis comúns<br>• MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.<br>• MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.<br>• MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.<br>• MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.<br>• MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.<br>• MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas do patrimonio español e galego<br>• MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais e i MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito B5.1. Acepta e cumpre as normas de convivencia na aulamusica instrumentais do patrimonio español e galego. |

<table>
<tr><td>AVALIACIÓN</td><td colspan="2">
• Temporalización das probas de avaliación:<br>
Farase como mínimo unha proba teórica por avaliación sobre os contidos traballados cada trimestre. Esta proba propoñerase a través da aula virtual e enviarase por correo electrónico nunha data e hora concreta.<br>
Ademais valoraranse todos aqueles traballos, cuestionarios ou actividades propostas na aula virtual ó longo do trimestre.<br>
• Cualificación das probas:<br>
A cualificación de cada proba, ficha ou traballo calcularase sempre sobre 10 puntos.<br>
O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.<br>
• Media, ponderación e redondeo:<br>
Un 20% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude do alumnado á hora de realizar e entregar todas as actividades propostas.<br>
O 80% restante dividirase entre as distintas probas, fichas de clase e traballos relacionadas cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ó grao mínimo de consecución dos estándares, tendo en conta que a lo menos a metade desa porcentaxe (40%) será a media das probas escritas con carácter de exame que se realicen telemáticamente.<br>
O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.
</td></tr>
<tr><td rowspan="2">METODOLOXÍA</td><td>Actividades</td><td>As actividades nesta adaptación ó ensino non presencial propoñeranse a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, de investigación e busca na rede ou actividades de tipo artístico (interpretación de cancións vocais ou instrumentais gravadas en vídeo ou audio, etc.) Algunha actividade poderá ter carácter voluntario, valorándose a maiores daquelas de carácter obrigatorio.</td></tr>
<tr><td>Materiais e recursos</td><td>O carecer de libro de texto nesta materia, o material de traballo estará feito polas propias profesoras do Departamento de Música: Cuestionarios, temas, e outras actividades en PDF ,exercicios de identificación de audicións en mp3, custionarios e probas tipo test para autocorrección, creación de vídeos tutoriais e explicativos sobre conceptos ou como guía para a interpretación rítmica ou melódica, enlaces a vídeos ou páxinas de interese... Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos Word e PDF, programas de edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE** | Para a publicación das actividades e información usarase preferiblemente a aula virtual, podéndose utilizar de forma ocasional a propia páxina web do centro, onde tamén se poñerán as notificacións xerais para todo o alumnado e as novas de interese que podan xurdir. A comunicación persoal cos alumnos será a través do correo electrónico, cos titores e outros profesores a través do correo electrónico ou videoconferencia na plataforma Webex ou similar. No caso de ter que comunicarse coas familias, será a través do teléfono. Por outra banda, as profesoras do Departamento estarán tamén en comunicación a través do correo, teléfono, Wassap e vídeoconferencia. |

# MÚSICA 3º ESO

| OBXECTIVOS |
| --- |
| 1. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. |
| 2. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. |
| 3. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera outra manifestación de violencia contra a muller. |
| 4. Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas; e resolver pacificamente os conflitos. |
| 5. Desenvolver habilidades básicas no emprego das fontes de información, para obter novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, en especial as da información e a comunicación. |
| 6. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en asignaturas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia. |
| 7. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. |
| 8. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas; e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. |
| 9. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito adecuado. |
| 10. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que teñan realizado achegas importantes á cultura e á sociedade galegas, ou a outras culturas do mundo. |
| 11. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas; respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal; incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora. |
| 12. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, empregando diversos medios de expresión e representación. |
| 13. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia; participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio dese dereito. |
| 14. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. |

# 3º ESO - Secuenciación e temporalización dos contidos

| Avaliacións | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | Temporalización |
|---|---|---|---|---|
| | Unidade | Bloque | CONTIDO | Mes |
| 1º AVALIACIÓN | 1 | B1.1 | Repaso dos elementos da representación gráfica da música: pentagrama, clave de sol, notas, figuras, plicas. | SETEMBRO/ OUTUBRO |
| | | B1.2 | A textura: monodia, polifonía primitiva (canon). | |
| | | B1.3 | Procedementos compositivos e formas de organización musical: formas medievais | |
| | | B2.1 | Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais da Idade Media | |
| | | B2.7 | Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.) | |
| | | B3.8 | Épocas da historia da música: A Idade Media. Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura | |
| | 2 | B1.1 | Repaso dos elementos da representación gráfica da música: liñas adicionais, pulso compases básicos. | OUTUBRO/ NOVEMBRO |
| | | B3.8 | Épocas da historia da música: O rock dos anos 50. Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura | |
| | 3 | B1.1 | Repaso dos elementos da representación gráfica da música: signos de prolongación, signos de repetición. | NOVEMBRO/ DECEMBRO |
| | | B1.2 | A textura: homofonía, polifonía contrapuntística | |
| | | B1.3 | Procedementos compositivos e formas de organización musical: formas renacentistas | |
| | | B2.1 | Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais do Renacemento | |
| | | B3.8 | Épocas da historia da música: O Renacemento. Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura | |
| | En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas. | | | |

| 3º ESO - Secuenciación e temporalización dos contidos | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Avaliacións** | **UNIDADES DIDÁCTICAS** | | | **Temporalización** |
| | **Tema** | **Bloque** | **CONTIDO** | **Mes** |
| **2º AVALIACIÓN** | **4** | B1.1 | Repaso dos elementos da representación gráfica da música: ton e semitón, o teclado do piano. | **XANEIRO/ FEBREIRO** |
| | | B1.2 | A textura: A monodia acompañada | |
| | | B1.3 | Procedementos compositivos e formas de organización musical: formas Barrocas | |
| | | B2.1 | Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais do Barroco | |
| | | B3.8 | Épocas da historia da música: O Barroco. Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura | |
| | **5** | B1.1 | Repaso dos elementos da representación gráfica da música: As alteracións, tipos de alteracións, a armadura da clave. | **FEBREIRO/ MARZO** |
| | | B3.8 | Épocas da historia da música: O rock dos anos 60 e 70. Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura | |
| | **En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas.** | | | |

# 3º ESO - Secuenciación e temporalización dos contidos

| Avaliacións | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | Temporalización |
|---|---|---|---|---|
| | Tema | Bloque | CONTIDO | Mes |
| 3º AVALIACIÓN | 6 | B1.1 | Repaso dos elementos da representación gráfica da música: Intervalos, escalas, graos da escala | ABRIL |
| | | B1.3 | Procedementos compositivos e formas de organización musical: formas do Clasicismo | |
| | | B3.8 | Épocas da historia da música:<br>O Clasicismo Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura | |
| | 7 | B1.1 | Repaso dos elementos da representación gráfica da música: A escala maior e menor, a tonalidade | MAIO |
| | | B3.8 | Épocas da historia da música:<br>O rock dos anos 80. Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura | |
| | 8 | B1.1 | Repaso dos elementos da representación gráfica da música: O acorde | XUÑO |
| | | B3.8 | Épocas da historia da música: O Romanticismo e o Nacionalismo. Outros movementos musicais modernos. Características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura. | |
| | | B3.1 | A música ao servizo doutras linguaxes:<br>corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou<br>publicitaria. | |
| | | B3.4 | Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | |
| | | B3.6 | O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación.<br>Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. | |
| | En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas. | | | |

| 3º ESO - CONTIDOS COMÚNS A TODOS OS TEMAS | |
|---|---|
| **Bloque** | **Contido** |
| B1.6 | Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. |
| B1.7 | Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión. |
| B1.9 | Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música. |
| B1.11 | Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación. |
| B1.12 | Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto. |
| B1.13 | Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación. |
| B2.2 | Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada |
| B2. 3 | Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais |
| B2.4 | Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical. |
| B2.5 | Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais. |
| B2.8 | Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural. |
| B3.5 | Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas. |
| B3.7 | Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas. |
| B3.9 | Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. |
| B3.10 | Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia. |
| B4.1 | Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da Internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical. |
| B4.2 | Aplicación de diferentes técnicas de gravación, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. |
| B4.3 | Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical. |
| B4.4 | Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais. |
| B4.5 | Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. |
| **Terase en conta que pode haber contidos imposibles de impartir debido á actual situación, ben por non dispoñer de aula de informática e ordenadores para todos os alumnos, ben pola propia imposibilidade física que conleva a falta de movilidade do alunado dentro da aula.** | |

| 3º ESO - ACTITUDE E ESFORZO | |
|---|---|
| **Bloque 5** | **Contido** |
| B5.1 | Aceptación e cumprimento das normas de convivencia na aula |
| B5.2 | Aceptación da autoridade do profesorado |
| B5.3 | Realización das tarefas encomendadas |
| B5.4 | Esforzo e interese ó realizar as tarefas encomendadas |

| Terase en conta tamén que este presente curso hai contidos imposibles de impartir por entrar en contradición co propio protocolo covid, ben porque supón movemento dentro da aula, interpretacións vocais non permitidas pola distancia de seguridade, ou utilización de instrumentos musicais que non van estar dispoñibles para o alumnado. | |
|---|---|
| **3º ESO - CONTIDOS SUPRIMIDOS NO PRESENTE CURSO** | |
| **Bloque** | **Contido** |
| B1.4 | Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e interpretación dun repertorio variado de danzas. |
| B1.5 | Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. |
| B1. 8 | Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais. |
| B2.6 | Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita. |

<table>
<tr><th colspan="4">3º ESO - Avaliación de criterios é estándares</th></tr>
<tr><th colspan="4">BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN</th></tr>
<tr><th>Grao mín. de consecución</th><th>Id. do criterio</th><th>Estándares de aprendizaxe</th><th>competencias clave</th></tr>
<tr><td>50%</td><td>B1.1.</td><td>MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, notas adicionais, clave de fa en cuarta, duración das figuras, signos de prolongación, compases simples)..</td><td>CCEC</td></tr>
<tr><td>50%</td><td>B1.2.</td><td>MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.</td><td>CCEC▪ CAA</td></tr>
<tr><td>20%</td><td>B1.3.</td><td>MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais</td><td>CAA ▪ CCEC</td></tr>
<tr><td rowspan="2">50%</td><td rowspan="3">B1.4.</td><td>MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</td><td>CAA▪ CCEC</td></tr>
<tr><td>MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</td><td>CCEC</td></tr>
<tr><td>30%</td><td>MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público</td><td>CCEC▪ CAA</td></tr>
<tr><td>20%</td><td rowspan="2">B1.5.</td><td>MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</td><td></td></tr>
<tr><td>50%</td><td>MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</td><td>CSIEE</td></tr>
<tr><td>30%</td><td rowspan="4">B1.6.</td><td>MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</td><td>CCEC</td></tr>
<tr><td>30%</td><td>MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas instrumentais do patrimonio español e galego.</td><td>CCEC</td></tr>
<tr><td>50%</td><td>MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.</td><td>CSC</td></tr>
<tr><td>50%</td><td>MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo</td><td>CSC</td></tr>
<tr><td colspan="2">TEMAS TRANSVERSAIS</td><td colspan="2">CL, EOE, EMP,CA,</td></tr>
<tr><td colspan="4">Terase en conta a imposibilidade de calquera tipo de práctica vocal dentro da aula, así como a imposibilidade da interpretación en grupo con instrumentación Orff. Os estándares referidos á interpretación contemplarán unicamente aquela realizada coa metodoloxía e material que a situación pandémica permita.</td></tr>
</table>

# 3º ESO - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 2: ESCOITA

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **30%** | **B2.1.** | MUB2.1.3.Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música, clasificando e discriminándoos auditivamente. | CCEC▪ CAA |
| **20%** | **B2.2.** | MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. | CCEC |
| **50%** | **B2.3.** | MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | CSC |
| **50%** | **B2.4.** | MUB2.4.1. Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas. | CAA |
| **50%** | | MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas | CCEC▪ CSC |
| **30%** | **B2.5.** | MUB2.5.1. Describe os diferentes elementos das obras musicais propostas. . | CCEC |
| **20%** | | MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musica | CAA |
| **30%** | | MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | CCL |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | | **EOE, CA, EMP, CL** | |

# 3º ESO - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **50%** | **B3.1.** | MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas. | CCEC ▪ CCL |
| **30%** | | MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. | CCEC ▪ CCL |
| **50%** | **B3.2.** | MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición | CCEC ▪ CAA |
| **50%** | **B3.3.** | MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes. | CCEC ▪ CAA |
| **50%** | **B3.4.** | MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. | CCEC ▪ CSC |
| **20%** | | MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. | CCEC ▪ CCL |
| **30%** | **B3.5.** | MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. | CCL |
| **30%** | | MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade | CCL |
| **20%** | **B3.6** | MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | CD |
| **50%** | | MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | CAA |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | **CA, TIC,EMP, CL, EOE, EC** | | |

# 3º ESO - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **20%** | **B4.1.** | MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | **CD** |
| **30%** | **B4.2.** | MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | CD ▪ CAA |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | **EOE, CA, EMP, CL** | | |

# 3º ESO - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 5: ACTITUDES

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **50%** | **B5.1.** | Acepta e cumpre as normas de convivencia na aula | CCEC |
| **50%** | **B5.2.** | Acepta da autoridade do profesorado | CCEC |
| **50%** | **B5.3** | Realiza as tarefas encomendadas | CCEC |
| **50%** | **B5.4** | Amosa esforzo e interese ó realizar as tarefas encomendadas | CCEC |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | | **EMP, EOE, CA, EC, PV** | |

**Suprimíronse aqueles estándares relacionados coa técnica vocal, canto, interpretación grupal e danza, imposibles de impartir debido ás limitacións que impón a situación actual:**

- **MUB 14.2, -** Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
- **MUB 1,4,3 -** Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
- **MUB 1.6.5 -** Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
- **MUB 3.1.2 -** Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.
- **MUB4.1.2.** Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías

**Terase en conta tamén que aqueles estándares contemplados que fagan referencia á interpretación musical están condicionados pola situación sanitaria ó longo do curso, e poden ser suprimidos ou modificados en función das directrices da propia Xunta, e das posibilidades organizativas do centro en canto espazos libres, número de alumnos, etc..., e da dispoñibilidade de uso de instrumentos e outros materiais.**

# 3º ESO - -AVALIACIÓN

## 1. Avaliación inicial

**Data de realización:**
Durante o mes de setembro

**Descrición das probas:**
A proba consistirá nun cuestionario de preguntas e respostas escritas, de exercicios de discriminación auditiva de notas e figuras e, eventualmente de exercicios de ritmo, coa fin de determinar o nivel de coñecementos e habilidades previas do alumnado.

**Consecuencias dos resultados:**
A avaliación inicial servirá como punto de referencia, tanto para tomar decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e ás programacións de aula, secuenciación de contidos, etc... Así como para tomar no seu caso as medidas de apoio, reforzo e recuperación oportunas para cada alumno ou alumna.

**Información ás familias:**
Se o resultado das probas así o aconsellara, a través dunha conversa directa coa familia,a través da figura do titor do grupo ou a través do equipo de orientación.

## 2. Avaliación continua

**Temporalización das probas de avaliación:**
Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación e un exame práctico de percusión rítmica, práctica instrumental ou aquilo que se traballe na aula a nivel práctico.

**Cualificación das probas:**
A cualificación de cada proba, ficha ou traballo calcularase sempre sobre 10 puntos.
O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.

**Media, ponderación e redondeo:**
Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa e rexistro no caderno do profesorado: MUB 1.4.1, MUB 1.5.1, MUB 1.6.3, MUB 2.3.1., MUB 2.4.1., MUB, 3.2.1, MUB 3.6.2, e todos os do bloque 5.
O 70% restante dividirase entre as distintas probas, fichas de clase e traballos relacionadas cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ó grao mínimo de consecución dos estándares.
O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.

**Aspectos a valorar dentro da observación do traballo na aula:**
Contidos procedimentais relacionados coa interpretación rítmica e instrumental.
Actitudes reflectidas nos estándares de aprendizaxe.

**Recuperación dunha proba non superada:**
As probas non superadas non se recuperarán . Enténdese que a nota da avaliación é a media de diversas probas e traballos, de xeito que un alumno pode compensar unha mala nota nun exercicio mellorando a nota noutra proba.

**Recuperación dunha avaliación non superada:**
As avaliacións non superadas non se recuperarán, ó entenderse que a avaliación da materia é continua e que a media final establécese en base ós resultados das tres avaliacións. En liñas xerais diremos que o xeito de recuperar unha avaliación é superando a outra ou outras.

**Cualificación da avaliación final ordinaria:**

- Como norma xeral, seguirase o seguinte criterio:
  Con dúas avaliacións aprobadas o alumno/a aprobará a avaliación ordinaria.
- En todo caso, se a única avaliación aprobada é a terceira, o/a alumno/a poderá excepcionalmente aprobar a avaliación ordinaria sempre que a cualificación do seu esforzo e actitude (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa positiva.
- Con dúas avaliacións suspensas o alumno/a suspenderá a avaliación ordinaria.
- No caso de que a única avaliación suspensa sexa a terceira, o/a alumno/a poderá suspender a avaliación ordinaria cando a cualificación do seu esforzo e actitude (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa negativa.

# 3. Avaliación final

**Proba de avaliación final:**

Non hai proba de avaliación final. A materia é eminentemente procedimental, polo que o departamento considera que a avaliación continua é o referente principal.

**Criterios para a promoción:**

Dependerá do estimado polo equipo docente, que en todo caso referirase á madureza do/a alumno/a e á posibilidade de que poida cursar o seguinte curso sen dificultade.

# 4. Avaliación extraordinaria

**Procedemento de avaliación extraordinaria:**

Avaliarase cunha proba escrita sobre os contidos conceptuais de todo o curso. A proba valorarase sobre 10 puntos e cada pregunta levará indicada a súa puntuación máxima. O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.

# 5. Recuperación e avaliación de pendentes

- **Procedemento:**

O alumnado que curse 3º ESO coa música de 2ºESO pendente, recuperará a materia pendente de xeito automático aprobando as dúas primeiras avaliacións da música de 3º ESO.

Aqueles alumnos que non conseguiran acadar o aprobado nesas dúas primeiras avaliacións, contarán tamén cunha proba final no mes de maio sobre os contidos e estándares do curso pendente que deberán superar.

- **Seguimento:**

Supervisarase o traballo dentro da aula y prestarase apoio e reforzo ó alumnado coa materia pendente que presente deficiencias detectadas a través da avaliación inicial. Este apoio poderase facer no propio centro de xeito presencial, utilizando o tempo de lecer para cuestións puntuais, a través da aula virtual, con exercicios e actividades de reforzo, ou a través do correo electrónico para a resolución de dúbidas ou control da actividade do alumnado.

- **Avaliación:**

A nota do curso pendente será a media das dúas primeiras avaliacións do 3º curso da ESO no caso de que o alumno/a supere ambas. Se non acadase o aprobado a través das dúas primeiras avaliacións de 3º ESO, a nota do curso pendente será a obtida no exame final de maio.

O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.

# PLAN DE REFORZO PARA 3º ESO

**Coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado, o Dpto. propón un plan de reforzo e recuperación baseado nos informes individualizados elaborados ó finalizar o curso 2019-2020 e na avaliación inicial.**

| ESTÁNDARES NON ADQUIRIDOS EN 2º ESO | PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN |
|---|---|
| MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías | Non se pode recuperar este estándar no presente curso pola imposibilidade do uso da instrumentación Orff da aula, a imposibilidade de interpretación grupal e a imposibilidade de movemento dentro da aula, tal como se especifica na secuenciación de contidos para 2º ESO |
| MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas | Este estándar xa se contempla na programación do 3º curso da ESO, polo que se traballará igualmente o presente curso, tendo en conta, iso si, as limitacións respecto o uso de instrumentos, interpretacións grupais, uso da voz, etc... |
| MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. | Aparece un estándar similar na programación do 3º curso da ESO (MUB2.5.2) Reforzarase este estándar dando pautas ó alumnado que o precise ata conseguir que a utilización de recursos sexa o máis autónoma posible. |
| MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica | Incluirase este estándar dentro do bloque 2 “Escoita” e traballarase ó longo do primeiro trimestre, relacionándoo cos contidos de repaso de linguaxe musical. |
| MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. | Non se pode recuperar este estándar no presente curso pola imposibilidade de movemento dentro da aula, tal como se especifica na secuenciación de contidos para 2º ESO |
| MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade | Este estándar xa se contempla na programación do 3º curso da ESO, polo que se traballará igualmente o presente curso (MUB3.1.3) |
| MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | Este estándar xa se contempla na programación do 3º curso da ESO, polo que se traballará igualmente (MUB1.6.2), tendo en conta, iso si, que se suprimirá todo o relacionado co movemento e danza, e tendo en conta as limitacións respecto ó uso de instrumentos, interpretacións grupais, uso da voz, etc... |

| | |
|---|---|
| MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | Este estándar xa se contempla na programación do 3º curso da ESO, polo que se traballará igualmente o presente curso (MUB3.6.1) |
| MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | Este estándar está suprimido do curriculum de 3º ESO este curso pola imposibilidade de traballalo na aula ou no centro e pola imposibilidade de acceso a un aula de informática con ordenadores para todos os alumnos. |

<table>
<tr><th colspan="3">3º ESO - ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO SEMIPRESENCIAL</th></tr>
<tr><td>CONTIDOS</td><td colspan="2">No caso de ensino semipresencial os contidos manteríanse tal como están, entendéndose que habería horas de docencia presenciais onde traballar aqueles máis prácticos e horas non presenciais onde reforzar aqueles teóricos.</td></tr>
<tr><td>ESTÁNDARES</td><td colspan="2">No caso de ensino semipresencial manteríanse igualmente os criterios estándares especificados na programación, pero cambiaría o grao de consecución para aqueles relacionados coa práctica instrumental: MUB1.4.1, MUB1.4.4, MUB1.6.4, que pasarían a ter un 30% no grao de consecucións en lugar do 50% que figura no documento, por entenderse que a dedicación a estes estándares non pode ser de igual peso que nun ensino presencial.</td></tr>
<tr><td>AVALIACIÓN</td><td colspan="2">Manteríase igual a avaliación da materia en caso de ensino semipresencial, podéndose facer algunhas das probas de xeito telemático en lugar de presencial neste caso, pero mantendo sempre a presencialidade a lo menos nunha proba escrita por trimestre.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">METODOLOXÍA</td><td>Actividades</td><td>As actividades en caso de ensino semipresencial serán principalmente de repaso e reforzo de todo o traballado na aula de xeito presencial. As actividades presentaranse preferiblemente a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, de investigación e busca na rede ou actividades de tipo artístico (interpretación de cancións vocais ou instrumentais gravadas en vídeo ou audio, etc.) Algunha actividade poderá ter carácter voluntario mentres outras serán obrigatorias e contarán na media da avaliación.</td></tr>
<tr><td>Materiais e recursos</td><td>O carecer de libro de texto nesta materia, o material de traballo estará feito polas propias profesoras do Departamento de Música: Cuestionarios, temas, e outras actividades en PDF ou impresos en papel para as clases presenciais, exercicios de identificación de audicións en mp3, enlaces a vídeos ou páxinas de interese. Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos Word e PDF, programas de edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta.</td></tr>
</table>

<table>
<tr><th colspan="2">3º ESO - ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO NON PRESENCIAL</th></tr>
<tr><td>CONTIDOS</td><td>No caso de ensino non presencial suprimiríanse os seguintes contidos ante a imposibilidade de traballalos a distancia sen supervisión directa, ou sen a posibilidade de contar co grupo::<br>• B1.6 Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.<br>• B1.7 Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.<br>• B1.11 Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.<br>• B1.12 Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.<br>• B1.13 Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.<br>• B2.4 Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical.<br>• B4.1 Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da Internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.<br>• B4.2 Aplicación de diferentes técnicas de gravación, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.<br>• B5.1. Aceptación e cumprimento das normas de convivencia na aula</td></tr>
<tr><td>ESTÁNDARES</td><td>No caso de ensino non presencial suprimiranse os seguintes estándares ante a imposibilidade de traballalos a distancia sen supervisión directa, ou sen a posibilidade de contar co grupo:<br>• MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.<br>• MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.<br>• MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras..<br>• MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas instrumentais do patrimonio español e galego<br>• MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.<br>• MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</td></tr>
</table>

<table>
<tr><td>AVALIACIÓN</td><td colspan="2">

- Temporalización das probas de avaliación:

Farase como mínimo unha proba teórica por avaliación sobre os contidos traballados cada trimestre. Esta proba propoñerase a través da aula virtual e enviarase por correo electrónico nunha data e hora concreta.<br>Ademais valoraranse todos aqueles traballos, cuestionarios ou actividades propostas na aula virtual ó longo do trimestre.

- Cualificación das probas:

A cualificación de cada proba, ficha ou traballo calcularase sempre sobre 10 puntos.<br>O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.

- Media, ponderación e redondeo:

Un 20% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude do alumnado á hora de realizar e entregar todas as actividades propostas.<br>O 80% restante dividirase entre as distintas probas, fichas de clase e traballos relacionadas cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ó grao mínimo de consecución dos estándares, tendo en conta que a lo menos a metade desa porcentaxe (40%) será a media das probas escritas con carácter de exame que se realicen telemáticamente.<br>O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.
</td></tr>
<tr><td rowspan="2">METODOLOXÍA</td><td>Actividades</td><td>As actividades nesta adaptación ó ensino non presencial propoñeranse a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, de investigación e busca na rede ou actividades de tipo artístico (interpretación de cancións vocais ou instrumentais gravadas en vídeo ou audio, etc.) Algunha actividade poderá ter carácter voluntario, valorándose a maiores daquelas de carácter obrigatorio.</td></tr>
<tr><td>Materiais e recursos</td><td>O carecer de libro de texto nesta materia, o material de traballo estará feito polas propias profesoras do Departamento de Música: Cuestionarios, temas, e outras actividades en PDF ,exercicios de identificación de audicións en mp3, custionarios e probas tipo test para autocorrección, creación de vídeos tutoriais e explicativos sobre conceptos ou como guía para a interpretación rítmica ou melódica, enlaces a vídeos ou páxinas de interese... Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos Word e PDF, programas de edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE** | Para a publicación das actividades e información usarase preferiblemente a aula virtual, podéndose utilizar de forma ocasional a propia páxina web do centro, onde tamén se poñerán as notificacións xerais para todo o alumnado e as novas de interese que podan xurdir. A comunicación persoal cos alumnos será a través do correo electrónico, cos titores e outros profesores a través do correo electrónico ou videoconferencia na plataforma Webex ou similar. No caso de ter que comunicarse coas familias, será a través do teléfono. Por outra banda, as profesoras do Departamento estarán tamén en comunicación a través do correo, teléfono, Wassap e vídeoconferencia. |

# MÚSICA 4º ESO

| OBXECTIVOS |
|---|
| 1. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. |
| 2. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. |
| 3. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera outra manifestación de violencia contra a muller. |
| 4. Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas; e resolver pacificamente os conflitos. |
| 5. Desenvolver habilidades básicas no emprego das fontes de información, para obter novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, en especial as da información e a comunicación. |
| 6. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en asignaturas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia. |
| 7. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. |
| 8. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas; e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. |
| 9. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito adecuado. |
| 10. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que teñan realizado achegas importantes á cultura e á sociedade galegas, ou a outras culturas do mundo. |
| 11. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas; respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal; incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora. |
| 12. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, empregando diversos medios de expresión e representación. |
| 13. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia; participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio dese dereito. |
| 14. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. |

# 4º ESO - Secuenciación e temporalización dos contidos

| Avaliacións | Unidade | Bloque | CONTIDO | Temporalización (Mes) |
|---|---|---|---|---|
| 1º AVALIACIÓN | 1 Música popular: O jazz | B2.1. | Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas relacionadas co jazz. | SETEMBRO/ OUTUBRO |
| | | B2.4. | Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas (o Jazz), e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación. | |
| | | B3.2. | Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais do Jazz. | |
| | | B3.3. | Manifestacións musicais doutras culturas: A orixe do jazz | |
| | | B3.6. | Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre a música popular urbana (o Jazz) | |
| | | B4.1. | Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son | |
| | 2 Música popular: O Rock | B2.1 | Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas : A música popular urbana do s. XX | NOVEMBRO/ DECEMBRO |
| | | B2.4. | Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas (o Rock), e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación. | |
| | | B3.2. | Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais da música urbana do século XX | |
| | | B3.3. | Manifestacións musicais doutras culturas: A orixe e evolución do Rock e outras músicas populares urbanas | |
| | | B3.6. | Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre a música popular urbana (o Rock) | |
| | En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas e avaliaicóns. | | | |

# 4º ESO - Secuenciación e temporalización dos contidos

| Avaliacións | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | Temporalización |
|---|---|---|---|---|
| | Tema | Bloque | CONTIDO | Mes |
| 2º AVALIACIÓN | 3 Música popular e músicas do mundo | B2.1. | Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas: A música nos diferentes lugares do mundo. | XANEIRO/ FEBREIRO |
| | | B2.4. | Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación. | |
| | | B3.1. | Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego. | |
| | | B3.3. | Manifestacións musicais doutras culturas: América, África, Asia e Oceanía, Europa. | |
| | 4 Música e medios de comunicación | B2.5. | Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical. | FEBREIRO/ MARZO |
| | | B2.6. | A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais. | |
| | | B3.8. | Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora. | |
| | | B4.2. | Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas. | |
| | | B4.5. | Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos | |
| | En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas e avaliacións. | | | |

<table>
<tr><th colspan="5">4º ESO - Secuenciación e temporalización dos contidos</th></tr>
<tr><th rowspan="2">Avaliacións</th><th colspan="3">UNIDADES DIDÁCTICAS</th><th>Temporalización</th></tr>
<tr><th>Tema</th><th>Bloque</th><th>CONTIDO</th><th>Mes</th></tr>
<tr><td rowspan="10">3º AVALIACIÓN</td><td rowspan="7">5<br>Música e audiovisual</td><td>B1.6.</td><td>Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades dos/das músicos/as.</td><td rowspan="7">ABRIL/ MAIO</td></tr>
<tr><td>B1.7.</td><td>Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.</td></tr>
<tr><td>B2.2.</td><td>A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.</td></tr>
<tr><td>B3.4.</td><td>A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, radiofónica ou publicitaria.</td></tr>
<tr><td>B3.5.</td><td>Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.</td></tr>
<tr><td>B3.7.</td><td>O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.</td></tr>
<tr><td>B4.7.</td><td>Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">6<br>A música no cine</td><td>B3.4.</td><td>A música ó servizo da linguaxe cinematográfica.</td><td rowspan="2">XUÑO</td></tr>
<tr><td>B4.6.</td><td>Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.</td></tr>
<tr><td colspan="4">En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas e avaliacións.</td></tr>
</table>

| 4º ESO - CONTIDOS COMÚNS A TODOS OS TEMAS E AVALIACIÓNS | |
|---|---|
| **Bloque** | **Contido** |
| B1.1. | Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación. |
| B1.2. | Interpretación de pezas aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación. Repaso dos elementos básicos da representación gráfica da música: notas, figuras, compases, signos de prolongación, signos de repetición, ton e semitón, alteracións, o teclado do piano, intervalos, escalas, graos da escala, acordes, etc... |
| B1.4. | Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación e a creación musical. |
| B2.3. | Rigor na utilización dun vocabulario axeitado para describir a música. |
| B2.7. | Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. |
| B4.3. | Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, e a escoita, a interpretación e a creación musical. |
| B4.4. | Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. |
| **Terase en conta que pode haber contidos imposibles de impartir debido á actual situación, ben por non dispoñer de aula de informática e ordenadores para todos os alumnos, ben pola propia imposibilidade física que conleva a falta de movilidade do alunado dentro da aula.** | |

| 4º ESO - ACTITUDE E ESFORZO | |
|---|---|
| **Bloque 5** | **Contido** |
| B5.1 | Aceptación e cumprimento das normas de convivencia na aula |
| B5.2 | Aceptación da autoridade do profesorado |
| B5.3 | Realización das tarefas encomendadas |
| B5.4 | Esforzo e interese ó realizar as tarefas encomendadas |

| 4º ESO - CONTIDOS SUPRIMIDOS NO PRESENTE CURSO | |
|---|---|
| **Bloque** | **Contido** |
| B1.3. | Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos. |
| B1.5. | Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais. |
| **Terase en conta tamén que este presente curso hai contidos imposibles de impartir por entrar en contradición co propio protocolo covid, ben porque supón movemento dentro da aula, utilizacións de espazos non dispoñibles este curso, interpretacións vocais non permitidas pola distancia de seguridade, ou utilización de instrumentos musicais que non van estar dispoñibles para o alumnado. Outros contidos que fan referencia á interpretación vocal, ou instrumental en grupo, tiveron que ser modificados, contemplándose só a interpretación instrumental individual ou con percusión corporal. Tampouco se poderán impartir os que supoñan a necesidade de utilización de aula de informática ou equipos informáticos,** | |

# 4º ESO - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **50%** | **B1.1.** | MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. | CAA ▪ CSC |
| **50%** | | MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación. | CCEC |
| **50%** | | MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula. | CSC |
| **50%** | **B1.2.** | MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de pezas cun nivel de complexidade en aumento | CCEC ▪ CSC |
| **20%** | **B1.4.** | MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. | CSC ▪ CSIEE |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | **CL, EOE, EMP,EC, PV** | | |

Terase en conta a imposibilidade de calquera tipo de práctica vocal dentro da aula, así como a imposibilidade da interpretación en grupo con instrumentación Orff. Os estándares referidos á interpretación contemplarán unicamente aquela realizada coa metodoloxía e material que a situación pandémica permita.

Suprimíronse aqueles criterios relacionados coa técnica vocal, canto, interpretación grupal e danza, así como os referidos a organización de concertos ou actuacións públicas, imposibles de impartir debido ás limitacións que impón a situación actual.

Tamén os relacionados coa composción e creación de pezas a través de medios informáticos, pola imposibilidade de acceso a un aula de informática e pola imposibilidade de interpretación con instrumental Orff da aula. (MUB 1.3)

Terase en conta tamén que aqueles estándares contemplados que fagan referencia á interpretación musical serán impartidos de xeito adaptado ás características do actual curso, primando a interpretación de pezas rítmicas e de percusión corporal.

# 4º ESO - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 2: ESCOITA

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **30%** | **B2.1.** | MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais. | CMCCT ▪ CCL ▪ CSC |
| **30%** | | MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición. | CCEC |
| **20%** | **B2.2.** | MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. | CCL ▪ CCEC |
| **50%** | **B2.3.** | MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música. . | CCL ▪ CCEC |
| **50%** | **B2.4.** | MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada | CCL ▪ CCEC |
| **50%** | | MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. | CCEC▪ CSC |
| **50%** | | MUB2.4.3. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. | CSC ▪ CCEC |
| **30%** | **B2.5.** | MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música. . | CD ▪ CSC |
| **20%** | **B2.6.** | MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos. | CCL ▪ CCEC ▪ CSC |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | | **EOE, CA, EC, PV** | |

# 4º ESO - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **50%** | **B3.1.** | MUB3.1.1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego. | CSC ▪ CCEC |
| **30%** | | MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social. | CSC ▪ CCEC |
| **50%** | **B3.2.** | MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais. | CSC ▪ CCEC |
| **50%** | | MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana. | CSC ▪ CCEC |
| **20%** | **B3.3.** | MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas. | CCL ▪ CSC ▪ CAA |
| **20%** | **B3.4.** | MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. | CAA ▪ CSC ▪ CCL |
| **20%** | | MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara. | CD |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | | **CL, EOE, CA, EC** | |

# 4º ESO - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **30%** | **B4.1.** | MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais. | CAA ▪ CD ▪ CMCCT |
| **50%** | | MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos. | CSC ▪ CSIEE |
| **20%** | **B4.2.** | MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual. | CSC ▪ CD |
| **30%** | **B4.3.** | MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes. | CAA ▪ CD |
| **30%** | | MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. | CD ▪ CCEC ▪ CMCCT |
| **20%** | **B4.4.** | MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación. | CAA ▪ CD |
| **50%** | **B4.5.** | MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical. | CD ▪ CCEC |
| **30%** | | MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma. | CD ▪ CCL ▪ CAA |
| **20%** | | MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes. | CAA ▪ CL ▪ CD |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | | **CL, EOE, CA, EC** | |

# 4º ESO - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 5: ACTITUDES

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **50%** | **B5.1.** | Acepta e cumpre as normas de convivencia na aula | CCEC |
| **50%** | **B5.2.** | Acepta da autoridade do profesorado | CCEC |
| **50%** | **B5.3** | Realiza as tarefas encomendadas | CCEC |
| **50%** | **B5.4** | Amosa esforzo e interese ó realizar as tarefas | CCEC |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | | **EMP, EOE, CA, EC, PV** | |

**Suprimíronse aqueles estándares relacionados coa técnica vocal, canto, interpretación grupal e danza, imposibles de impartir debido ás limitacións que impón a situación actual:**

- **MUB 14.2, -** Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
- **MUB 1,4,3 -** Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
- **MUB 1.6.5 -** Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
- **MUB 3.1.2 -** Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.
- **MUB4.1.2.** Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías

**Terase en conta tamén que aqueles estándares contemplados que fagan referencia á interpretación musical están condicionados pola situación sanitaria ó longo do curso, e poden ser suprimidos ou modificados en función das directrices da propia Xunta, e das posibilidades organizativas do centro en canto espazos libres, número de alumnos, etc..., e da dispoñibilidade de uso de instrumentos e outros materiais.**

# 4º ESO - -AVALIACIÓN

## 1. Avaliación inicial

**Data de realización:**
Durante o mes de setembro

**Descrición das probas:**
A proba consistirá nun cuestionario de preguntas e respostas escritas, de exercicios de discriminación auditiva de notas e figuras e, eventualmente de exercicios de ritmo, coa fin de determinar o nivel de coñecementos e habilidades previas do alumnado.

**Consecuencias dos resultados:**
A avaliación inicial servirá como punto de referencia, tanto para tomar decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e ás programacións de aula, secuenciación de contidos, etc... Así como para tomar no seu caso as medidas de apoio, reforzo e recuperación oportunas para cada alumno ou alumna.

**Información ás familias:**
Se o resultado das probas así o aconsellara, a través dunha conversa directa coa familia,a través da figura do titor do grupo ou a través do equipo de orientación.

## 2. Avaliación continua

**Temporalización das probas de avaliación:**
Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación e un exame práctico de percusión rítmica, práctica instrumental ou aquilo que se traballe na aula a nivel práctico.

**Cualificación das probas:**
A cualificación de cada proba, ficha ou traballo calcularase sempre sobre 10 puntos.
O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.

**Media, ponderación e redondeo:**
Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa e rexistro no caderno do profesorado: MUB 1.4.1, MUB 1.5.1, MUB 1.6.3, MUB 2.3.1., MUB 2.4.1., MUB, 3.2.1, MUB 3.6.2, e todos os do bloque 5.
O 70% restante dividirase entre as distintas probas, fichas de clase e traballos relacionadas cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ó grao mínimo de consecución dos estándares.
O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.

**Aspectos a valorar dentro da observación do traballo na aula:**
Contidos procedimentais relacionados coa interpretación rítmica e instrumental.
Actitudes reflectidas nos estándares de aprendizaxe.

**Recuperación dunha proba non superada:**
As probas non superadas non se recuperarán . Enténdese que a nota da avaliación é a media de diversas probas e traballos, de xeito que un alumno pode compensar unha mala nota nun exercicio mellorando a nota noutra proba.

**Recuperación dunha avaliación non superada:**
As avaliacións non superadas non se recuperarán, ó entenderse que a avaliación da materia é continua e que a media final establécese en base ós resultados das tres avaliacións. En liñas xerais diremos que o xeito de recuperar unha avaliación é superando a outra ou outras.

**Cualificación da avaliación final ordinaria:**

- Como norma xeral, seguirase o seguinte criterio:
  Con dúas avaliacións aprobadas o alumno/a aprobará a avaliación ordinaria.
- En todo caso, se a única avaliación aprobada é a terceira, o/a alumno/a poderá excepcionalmente aprobar a avaliación ordinaria sempre que a cualificación do seu esforzo e actitude (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa positiva.
- Con dúas avaliacións suspensas o alumno/a suspenderá a avaliación ordinaria.
- No caso de que a única avaliación suspensa sexa a terceira, o/a alumno/a poderá suspender a avaliación ordinaria cando a cualificación do seu esforzo e actitude (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa negativa.

## 3. Avaliación final

**Proba de avaliación final:**

Non hai proba de avaliación final. A materia é eminentemente procedimental, polo que o departamento considera que a avaliación continua é o referente principal.

**Criterios para a promoción:**

Dependerá do estimado polo equipo docente, que en todo caso referirase á madureza do/a alumno/a e á posibilidade de que poida cursar o seguinte curso sen dificultade.

## 4. Avaliación extraordinaria

**Procedemento de avaliación extraordinaria:**

Avaliarase cunha proba escrita sobre os contidos conceptuais de todo o curso. A proba valorarase sobre 10 puntos e cada pregunta levará indicada a súa puntuación máxima. O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.

## 5. Recuperación e avaliación de pendentes

- **Procedemento:**

O alumnado que curse 4º ESO coa música de 3ºESO pendente, recuperará a materia pendente de xeito automático aprobando as dúas primeiras avaliacións da música de 4º ESO.
Aqueles alumnos que non conseguiran acadar o aprobado nesas dúas primeiras avaliacións, contarán tamén cunha proba final no mes de maio sobre os contidos e estándares do curso pendente que deberán superar.
O alumnado coa música de 3º ES0 pendente que non curse a optativa de música en 4º ESO, deberá presentar no primeiro e segundo trimestre do curso unha serie de traballos e fichas sobre os contidos do curso a recuperar, que o Departamento lles facilitará a través da aula virtual. Se non entregase todas as actividades, ou a nota media das mesmas non lle chegase para aprobar, poderá acceder a ese exame final no mes de maio sobre contidos e estándares do curso pendente que deberán superar.

- **Seguimento:**

Para aqueles alumnos pendentes que cursen a materia en 4º ESO, supervisarase o traballo dentro da aula y prestarase apoio e reforzo ó alumnado que presente deficiencias detectadas a través da avaliación inicial. Este apoio poderase facer no propio centro de xeito presencial, utilizando o tempo de lecer para cuestións puntuais, a través da aula virtual, con exercicios e actividades de reforzo, ou a través do correo electrónico para a resolución de dúbidas ou control da actividade do alumnado, sendo este o seguimento en caso de ensino non presencial
O alumnado pendente que non curse 4º ESO, recibirá apoio e supervisión do mesmo xeito que os anteriores, ben no propio centro de xeito presencial, utilizando o tempo de lecer para cuestións puntuais, ou a través da aula virtual, con exercicios e actividades de reforzo, ou a través do correo

electrónico  para a resolución de dúbidas ou control da actividade do alumnado.

- **Avaliación:**

Para aqueles alumnos que cursen a materia optativa de 4º ESO, a  nota do curso pendente será a media das dúas primeiras avaliacións do 4º curso da ESO sempre que o alumno/a supere ambas. Se non acadase o aprobado a través das dúas primeiras avaliacións de 4º ESO, a nota do curso pendente será a obtida no exame final de maio.
Para aqueles alumnos que non cursen a optativa en 4º ESO, a nota do curso pendente será a media das actividades propostas a través da aula virtual, sempre que o alumno entregue todas elas. A falta dunha soa das actividades inxustificadamente, obrigará ó alumno a presentarse á proba final de maio, polo que nese caso a nota do curso pendente será a obtida no exame.
O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase en tódolos casos ó enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.

# PLAN DE REFORZO PARA 4º ESO

**Coa finalidade de que o alumnado que curse a optativa de música de 4º ESO reforce aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado, o Dpto. propón un plan de reforzo e recuperación baseado nos informes individualizados elaborados ó finalizar o curso 2019-2020 e na avaliación inicial.**

| ESTÁNDARES NON ADQUIRIDOS EN 3º ESO | PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN |
|---|---|
| MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas | Este estándar relaciónase con algúns de 4º ESO ( MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música) co que se vai traballar igualmente ó longo do curso. |
| MUB1.7.1. Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas | Aparecen estándares relacionados na programación do 4º curso da ESO (MUB2.4.3, MUB3.1.1) de xeito que se traballará igualmente ó longo do curso. |
| MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros. | Incluirase este estándar dentro do bloque 1 “creación e Interpretación” e traballarase ó longo do curso como parte dos contidos relacionados coa interpretación musical. |
| MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen | Non se pode recuperar este estándar no presente curso pola imposibilidade de movemento dentro da aula. |
| MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | Este estándar non se pode recuperar este curso pola imposibilidade de traballalo na aula ou no centro e pola imposibilidade de acceso a un aula de informática con ordenadores para todos os alumnos. |

<table>
<tr><th colspan="3">4º ESO - ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO SEMIPRESENCIAL</th></tr>
<tr><td>CONTIDOS</td><td colspan="2">No caso de ensino semipresencial os contidos manteríanse tal como están, entendéndose que habería horas de docencia presenciais onde traballar aqueles máis prácticos e horas non presenciais onde reforzar aqueles teóricos.</td></tr>
<tr><td>ESTÁNDARES</td><td colspan="2">No caso de ensino semipresencial manteríanse igualmente os criterios estándares especificados na programación, pero cambiaría o grao de consecución para aqueles relacionados coa práctica instrumental: MUB1.1.1, MUB1.1.2, MUB1.2.1, que pasarían a ter un 30% no grao de consecucións en lugar do 50% que figura no documento, por entenderse que a dedicación a estes estándares non pode ser de igual peso que nun ensino presencial.</td></tr>
<tr><td>AVALIACIÓN</td><td colspan="2">Manteríase igual a avaliación da materia en caso de ensino semipresencial, podéndose facer algunhas das probas de xeito telemático en lugar de presencial neste caso, pero mantendo sempre a presencialidade a lo menos nunha proba escrita por trimestre.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">METODOLOXÍA</td><td>Actividades</td><td>As actividades en caso de ensino semipresencial serán principalmente de repaso e reforzo de todo o traballado na aula de xeito presencial. As actividades presentaranse preferiblemente a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, de investigación e busca na rede ou actividades de tipo artístico (interpretación de cancións vocais ou instrumentais gravadas en vídeo ou audio, etc.) Algunha actividade poderá ter carácter voluntario mentres outras serán obrigatorias e contarán na media da avaliación.</td></tr>
<tr><td>Materiais e recursos</td><td>O carecer de libro de texto nesta materia, o material de traballo estará feito polas propias profesoras do Departamento de Música: Cuestionarios, temas, e outras actividades en PDF ou impresos en papel para as clases presenciais, exercicios de identificación de audicións en mp3, enlaces a vídeos ou páxinas de interese. Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos Word e PDF, programas de edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta.</td></tr>
</table>

<table>
<tr><th colspan="2">4º ESO - ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO NON PRESENCIAL</th></tr>
<tr><td>CONTIDOS</td><td>No caso de ensino non presencial suprimiríanse os seguintes contidos ante a imposibilidade de traballalos a distancia sen supervisión directa, ou sen a posibilidade de contar co grupo::<br>• B1.1. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación.<br>• B1.4. Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación e a creación musical..<br>• B4.3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, e a escoita, a interpretación e a creación musical.<br>• B4.4. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais..<br>• B5.1 Aceptación e cumprimento das normas de convivencia na aula</td></tr>
<tr><td>ESTÁNDARES</td><td>No caso de ensino non presencial suprimiranse os seguintes estándares ante a imposibilidade de traballalos a distancia sen supervisión directa, ou sen a posibilidade de contar co grupo:<br>• MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades..<br>• MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.<br>• MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de pezas cun nivel de complexidade en aumento.<br>• MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.<br>• MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.</td></tr>
<tr><td>AVALIACIÓN</td><td>• Temporalización das probas de avaliación:<br>Farase como mínimo unha proba teórica por avaliación sobre os contidos traballados cada trimestre. Esta proba propoñerase a través da aula virtual e enviarase por correo electrónico nunha data e hora concreta.<br>Ademais valoraranse todos aqueles traballos, cuestionarios ou actividades propostas na aula virtual ó longo do trimestre.<br>• Cualificación das probas:<br>A cualificación de cada proba, ficha ou traballo calcularase sempre sobre 10 puntos.<br>O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.<br>• Media, ponderación e redondeo:<br>Un 10% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude do alumnado á hora de realizar e entregar todas as actividades propostas.</td></tr>
</table>

| | | |
|---|---|---|
| | un 40% dividirase entre as distintas actividades, fichas de clase e traballos relacionados cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ó grao mínimo de consecución dos estándares, e o 50 % será a media das probas escritas con carácter de exame que se realicen telemáticamente.<br>O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo. | |
| **METODOLOXÍA** | **Actividades** | As actividades nesta adaptación ó ensino non presencial propoñeranse a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, de investigación e busca na rede ou actividades de tipo artístico (interpretación de cancións vocais ou instrumentais gravadas en vídeo ou audio, etc.) Algunha actividade poderá ter carácter voluntario, valorándose a maiores daquelas de carácter obrigatorio. |
| | **Materiais e recursos** | O carecer de libro de texto nesta materia, o material de traballo estará feito polas propias profesoras do Departamento de Música: Cuestionarios, temas, e outras actividades en PDF ,exercicios de identificación de audicións en mp3, custionarios e probas tipo test para autocorrección, creación de vídeos tutoriais e explicativos sobre conceptos ou como guía para a interpretación rítmica ou melódica, enlaces a vídeos ou páxinas de interese... Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos Word e PDF, programas de edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta. |
| **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE** | Para a publicación das actividades e información usarase preferiblemente a aula virtual, podéndose utilizar de forma ocasional a propia páxina web do centro, onde tamén se poñerán as notificacións xerais para todo o alumnado e as novas de interese que podan xurdir. A comunicación persoal cos alumnos será a través do correo electrónico, cos titores e outros profesores a través do correo electrónico ou videoconferencia na plataforma Webex ou similar. No caso de ter que comunicarse coas familias, será a través do teléfono. Por outra banda, as profesoras do Departamento estarán tamén en comunicación a través do correo, teléfono, Wassap e vídeoconferencia. | |

# BACHARELATO

# METODOLOXÍA

## 3. ASPECTOS XERAIS

O Decreto 86/2015, de 25 de xuño, establece no seu artigo 11 uns principios metodolóxicos que deberán orientar o traballo durante a etapa da educación secundaria obrigatoria. Entre eles préstase unha especial atención á consideración da atención á diversidade, ao favorecemento da capacidade para aprender por si mesmos, ao valor da aprendizaxe en equipo, ao emprego de metodoloxías activas e participativas, ao enfoque multidisciplinar do proceso educativo, á promoción da comprensión da lectura e do uso da información e ao deseño de actividades de aprendizaxe multicompetenciais, como pode ser a metodoloxía por proxectos. De acordo con ditos principios o departamento de música aposta por unha metodoloxía que fomente aspectos como os seguintes:

- **Partir da competencia inicial do alumnado**
- **Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe**
- **Potenciar as metodoloxía activas:Combinar traballo individual e cooperativo**
- **A confirmación dos saberes teóricos a partires de actividades de carácter práctico, como a audición ou a interpretación.**
- **A importancia da contextualización da música, como feito histórico que é, e a análise das súas características á luz das circunstancias nas que foi creada.**
- **Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas**
- **Uso habitual das TIC.**
- **Papel do profesor/a como facilitador do proceso de aprendizaxe.**

## 4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- **Memorización comprensiva**
- **Resolución de cuestionarios, escritos ou orais**
- **Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, gravacións, vídeos**
- **Elaboración de sínteses, esquemas, mapas conceptuais...**
- **Análise e comentario de audicións, vídeos, documentos, gráficos, mapas, táboas de datos, etc..**
- **Ocasionalmente, realización de traballos de ampliación a partires de contidos básicos expostos na clase. Poden ser traballos de carácter voluntario ou obrigatorio, a realizar fóra da aula, empregando fontes de información "externas" e utilizando soportes dixitais o presentacións na aula.**
- **Para as actividades relacionadas coa interpretación en 1º BAC, empregaranse técnicas como a imitativa (pregunta-resposta entre profesor e alumnado); a lectura rítmica previa de peza a interpretar con instrumentos; o estudo por pequenas pasaxes (especialmente cando aparecen novidades, como novas notas alteradas ou ritmos de especial dificultade).**

# MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

**LIBRO DE TEXTO:** Non hai libro de texto. Traballarase con fichas, partituras, textos, fotocopias e material dixital proporcionado polo profesorado. Preferiblemente o material como temas, custionarios amplos, resúmenes, etc, deixarase a disposición do alumnos na aula virtual para que eles mesmos o impriman evitando así contacto físico. Nos casos de alumnado sen posibilidade de imprimir o material, facilitarase este a través da fotocopiadora do centro. Nalgúns casos, cando o tema conste de varios folios, será o propio alumno quen asuma o custo das fotocopias. O material para o traballo diario na aula tal como fichas de exercicios, partituras ou cuestionarios concretos, facilitarase ó alumnado de xeito gratuíto.

**MATERIAL APROTADO POLO ALUMNADO:** Será obrigatorio para o alumnado certo material que deberá levar e usar na materia de música e que se lle indicará ó comezo do curso, tal como caderno pautado ou folios pautados para traballar en pentagramas, caderno ou folios para escribir, carpeta ou clasificador para gardar o material ordenadamente, bolígrafos e material de escritura...

**AULAS:** O centro consta dunha aula específica para a materia de música equipada con instrumentación Orff, dous pianos eléctricos, ordenador,unha pequena mesa de son, equipo de música e canón proxector. Será alí onde se impartan as sesións da materia en Bacharelato, tendo en conta a imposibilidade este curso da utilización dos instrumentos Orff en 1º de BAC debido ós protocolos impostos pola crise sanitaria.

**,AULA VIRTUAL:** Constará de cursos para cada nivel da materia e será a través dela onde se ofreza boa parte do material de música. Servirá tamén para a proposta de actividades obrigatorias ou voluntarias, para ofrecer información adicional dos temas e incluso enlaces de interese a contidos dixitais relacionados coa materia.

**INSTRUMENTOS MUSICAIS:** En 1º BAC, ante a imposibilidade no presente curso da utilización de instrumentos Orff da aula e das frautas doces para as clases prácticas, priorizarase a utilización do propio corpo como instrumento e de elementos percusivos como pupitres, carpetas, bolígrafos, e incluso obxectos cotiáns como vasos de plástico, culleres, etc... aportadas polo alumnado . Tamén se utilizarán instrumentos de percusión creados polos alumnos como maracas, tambores, claves, etc... Se a situación sanitaria o permitise nalgún momento do curso, sen embargo, introduciríanse de novo os instrumentos Orff almacenados na aula.

Por outra banda, para a práctica de partituras melódicas, o departamento intentará, de ser posible, aproveitar recursos tecnolóxicos do alumnado, tales como o teléfono móbil, para usar como instrumento a través da instalación de aplicacións de piano interactivo.

**OUTROS MATERIAIS:**

- Recursos audiovisuais (vídeos on-line, fotos, arquivos de audio...)
- Actividades interactivas elaboradas con software educativo (JavaClic, Ardora, EdiLIM...)
- Outros programas informáticos relacionados co son e a música: secuenciadores (Vegas), editores de partituras (Encore, Finale, Sibelius...), programas de karaoke, editores de audio e de vídeo (Audacity, MovieMaker, etc.)
- Sistemas e material de gravación de audio e vídeo ( micrófonos, cableado, mesas de son,cámara de vídeo... )

# LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL
# 1º BAC

# INTRODUCCIÓN

A materia de Linguaxe e Práctica Musical concíbese como unha continuación da formación musical recibida polo alumnado na etapa educativa anterior, que lle permite ampliar, desenvolver e aplicar, con autonomía e en contextos diversos, os coñecementos e as capacidades que contribúen á adquisición dunha cultura musical sólida. Considerando que a música ten como finalidade primordial a comunicación, é necesario que o alumnado conte coas ferramentas necesarias que lle axuden a comprender e a participar do feito musical. Neste sentido, débese favorecer que o alumnado se implique activamente no proceso artístico musical. A expresión e a linguaxe musical son os dous ámbitos do coñecemento musical en torno aos que se organiza esta materia; está estruturada en cinco bloques ("Destrezas musicais", "A audición comprensiva", "A teoría musical", "A creación e a interpretación" e "As tecnoloxías aplicadas ao son"), que se deben presentar nas actividades de ensino e aprendizaxe relacionados entre si, xa que estes ámbitos se complementan e interactúan, refórzanse e desenvólvense mutuamente. A comprensión dos elementos morfolóxicos e sintácticos da linguaxe musical contribúe a perfeccionar a capacidade de expresarse a través da interpretación e a creación do feito musical concreto, completándose así o proceso de adquisición dunha linguaxe. A súa aprendizaxe como instrumento de comunicación debe basearse, tamén, na audición comprensiva, na memoria musical, na práctica vocal, instrumental e rítmica, e na lectoescritura musical como recurso útil para fixar os conceptos lingüísticos. A expresión musical refírese á creación e a interpretación de pezas vocais e instrumentais. A interpretación achega o alumnado a un repertorio musical amplo e variado, posibilita a adquisición de capacidades e destrezas técnicas e interpretativas, e favorece a sensibilidade auditiva e a memoria musical. A interpretación instrumental e vocal, nunha educación musical na que a práctica é o centro da acción pedagóxica, é tamén un procedemento esencial para aprender os contidos da linguaxe musical e reforzar os coñecementos adquiridos; a experiencia, que é previa á abstracción conceptual. A creación musical explora os elementos propios da linguaxe musical, experimenta cos sons e combínaos a través da improvisación, dos arranxos e da composición. Todo isto poténciase coas tecnoloxías da información, da comunicación e da creación artística, que, postas á disposición da música, constitúen un recurso importante para indagar, obter información e comunicarse, e un medio para crear e descubrir músicas de todos os estilos e de todas as culturas. A materia de Linguaxe e Práctica Musical debe estar orientada a espertar o interese do alumnado por participar de forma activa, informada e lúdica como oínte, intérprete ou compositor/a, tanto na súa vida educativa como na súa vida privada. O ensino da materia debe partir dos coñecementos previos, dos gustos e dos costumes musicais do alumnado, e abordarse desde a práctica musical activa e participativa, vinculada á reflexión sobre o realizado. Estes principios, orientados ao desenvolvemento das capacidades perceptivas e expresivas e á comprensión do feito musical, servirán de base para consolidar aprendizaxes que transcendan o contexto en que se produciron. A materia contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico. Tal e como demostran numerosos estudos publicados, a práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima,

as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música favorece a adquisición das competencias clave, procura un ensino integral e axuda na maduración do alumnado, ademais de favorecer o espírito de motivación e superación persoal. As disciplinas musicais non só desenvolven a creatividade, a sensibilidade artística e o criterio estético; tamén axudan o alumnado, da mesma forma que o resto de materias desta etapa, a adquirir os coñecementos e habilidades para construír a súa personalidade, a traballar en equipo, desenvolver o pensamento crítico e a converterse en cidadáns e cidadás que actúen de xeito responsable e autónomo. En definitiva, a actividade musical, nas súas diversas facetas, favorece as capacidades sociais e expresivas dos alumnos e das alumnas

| OBXECTIVOS DE BACHARELATO PRESENTES NA MATERIA DE LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL |
|---|
| **O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:** |
| 1. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade |
| 2. Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. |
| 3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade. |
| 4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. |
| 5. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. |
| 6. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras. |
| 7. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación. |
| 8. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social. |
| 9. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida. |
| 10. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego. |
| 11. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. |
| 12. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. |
| 13. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables. |
| 14. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria. |
| 15. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado. |

# 1º BAC LPM - Secuenciación e temporalización dos contidos

| Avaliacións | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | Temporalización |
|---|---|---|---|---|
| | Unidade | Bloque | CONTIDO | Mes |
| 1º AVALIACIÓN | 1 O son | B1.6. | Práctica da lectura articulada e da escritura tanto melódica como harmónica nas claves de sol e fa en cuarta, e da escritura tanto melódica como harmónica. | SETEMBRO/ OUTUBRO |
| | | B3.2 | Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agóxica, á articulación musical e ao ataque dos sons. | |
| | | B3.3 | Aproximación ás grafías contemporáneas. | |
| | | B5.1 | O fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio; a serie de Fourier. | |
| | | B5.2 | Características acústicas dos instrumentos: instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son.) | |
| | | B5.4 | A transmisión e o amortecemento do son. | |
| | | B5.5 | O sinal analóxico e o sinal dixital. A dixitalización do son analóxico. | |
| | | B5.6 | A síntese do son: mostraxe (samplers); os filtros de frecuencia e multipistas. | |
| | | B5.8 | Tipos de software musical: secuenciadores. | |
| | 2 O ritmo | B2.1 | Percepción e identificación do pulso, dos acentos, e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios. | NOVEMBRO/ DECEMBRO |
| | | B2.2 | Percepción, identificación e transcrición de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario e ternario. | |
| | | B2.3 | Percepción, identificación e transcrición de signos que modifican a duración, síncopes, anacrusas, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción, etc. | |
| | | B2.7 | Recoñecemento auditivo e transcrición dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos. | |
| | | B3.1 | Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacrusa, notas a contratempo, grupos de valoración especial contidos en un ou varios pulsos, etc. | |
| | | B3.5 | Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais. | |
| | | B4.7 | Desenvolvemento da lateralidade mediante a realización simultánea de diferentes ritmos básicos. | |
| | En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas e avaliaicóns. | | | |

| 1º BAC LPM - Secuenciación e temporalización dos contidos | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Avaliacións** | **UNIDADES DIDÁCTICAS** | | | **Temporalización** |
| | **Tema** | **Bloque** | **CONTIDO** | **Mes** |
| **2º AVALIACIÓN** | **3**<br>**A melodía** | B2.7 | Recoñecemento auditivo e transcrición dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos. | **XANEIRO/ FEBREIRO** |
| | | B3.4 | Coñecemento das normas de escritura melódica. | |
| | | B3.6 | Coñecemento e comprensión de escalas, funcións tonais, intervalos, cadencia, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación. | |
| | | B3.10 | Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre elas. | |
| | | B5.8 | Tipos de software musical: editores de partituras. | |
| | **4**<br>**A harmonía** | B2.5 | Percepción, identificación auditiva e transcrición das escalas, funcións tonais, acordes maiores e menores, acordes de sétima dominante e de sétima diminuída, cadencias e os modos e intervalos fóra do concepto tonal. | **FEBREIRO/ MARZO** |
| | | B2.10 | Transcrición dos esquemas harmónicos das obras escoitadas. | |
| | | B3.7 | Coñecemento dos principais sistemas de cifrado harmónico. | |
| | | B5.3 | Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporcións asociadas aos intervalos: consoancia e disoancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón. | |
| | **En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas e avaliacións.** | | | |

# 1º BAC LPM - Secuenciación e temporalización dos contidos

| Avaliacións | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | Temporalización |
|---|---|---|---|---|
| | Tema | Bloque | CONTIDO | Mes |
| 3º AVALIACIÓN | 5 O carácter | B1.6. | Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agóxica, á articulación musical e ao ataque dos sons. | ABRIL/ MAIO |
| | | B1.7. | Coñecemento da ornamentación musical. | |
| | | B2.2. | Comprensión do efecto que producen na música os sons da ornamentación e intensificación expresiva. | |
| | | B3.4. | Realización de sonorizacións a través da improvisación, composición ou selección musical de textos ou de imaxes. | |
| | 6 Creación | B2.4 | Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo. | XUÑO |
| | | B2.6 | Recoñecemento comprensivo das texturas musicais e dos timbres instrumentais nas obras escoitadas ou interpretadas. | |
| | | B4.5 | Achegamento aos procesos compositivos máis habituais. | |
| | En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas e avaliacións. | | | |

| 1º BAC LPM - CONTIDOS COMÚNS A TODOS OS TEMAS E AVALIACIÓNS | |
|---|---|
| **Bloque** | **Contido** |
| B1.4 | Interiorización do pulso. |
| B1.5 | Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á ornamentación musical, á articulación dos sons e aos seus ataques. |
| B1.7 | Práctica da lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico. |
| B1.8 | Práctica da lectura de obras musicais, empregando partituras. |
| B2.9 | Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado. |
| B4.3 | Utilización das escalas e acordes máis habituais no sistema tonal e modal. |
| B4.8 | Participación activa na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos. |
| B4.9 | Participación na organización e realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas dos demais. |
| **Terase en conta que pode haber contidos que deberán ser reducidos, modificados ou incluso suprimidos debido á actual situación,. Outros terán que adaptarse ás condicións actuais, que limitan o espazo da aula ou o movemento dentro da mesma, e imposibilitan utilización da instrumentación Odff e a práctica vocal de calquera tipo.** | |
| **1º BAC LPM - ACTITUDE E ESFORZO** | |
| **Bloque 5** | **Contido** |
| B5.1 | Aceptación e cumprimento das normas de convivencia na aula |
| B5.2 | Aceptación da autoridade do profesorado |
| B5.3 | Realización das tarefas encomendadas |
| B5.4 | Esforzo e interese ó realizar as tarefas encomendadas |

# 1º BAC LPM - CONTIDOS SUPRIMIDOS NO PRESENTE CURSO

| Bloque | Contido |
|---|---|
| B1.1. | Emprego da voz, individual ou colectivamente, partindo do coñecemento do aparato fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e maila afinación. |
| B1.2. | Interpretación vocal atendendo ás explicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical. |
| B1.3. | Entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos, harmónicos, arpexos e acordes. |
| B1.5. | Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais. |
| B2.8. | Reprodución vocal memorizada dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos. |
| B4.1 | Realización vocal ou instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario e ternario e polas súas variantes. |
| B4.2 | Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves melodías. |
| B4.4 | Interpretación memorizada de obras ou fragmentos músico-vocais axeitados ao nivel, con ou sen acompañamento. |
| B4.6 | Utilización da expresión corporal e do movemento como complemento ao feito musical. |
| B5.9 | Práctica dos sistemas de gravación, analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicacións MIDI en interpretacións ou creacións propias. |
| B5.10 | Emprego da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais. |

**Terase en conta tamén que este presente curso hai contidos imposibles de impartir por entrar en contradición co propio protocolo covid, ben porque supón movemento dentro da aula, utilizacións de espazos non dispoñibles este curso, interpretacións vocais non permitidas pola distancia de seguridade, ou utilización de instrumentos musicais que non van estar dispoñibles para o alumnado. Outros contidos que fan referencia á interpretación vocal, ou instrumental en grupo, tiveron que ser modificados, contemplándose só a interpretación instrumental individual ou con percusión corporal. Tampouco se poderán impartir os que supoñan a necesidade de utilización de aula de informática ou equipos informáticos,**

# 1º BAC LPM - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 1: DESTREZAS MUSICAIS

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **50%** | **B1.3.** | LPMB1.3.1. Interpreta, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas axeitada a este nivel dunha obra ou dun fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás. | CMCCT▪ CCEC |
| **50%** | | LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, empregando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz. | CMCCT ▪ CSC |
| **50%** | | LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escrita musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical. | CAA ▪ CMCCT ▪ CCEC |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | **EOE, TIC, EMP, EC, PV** | | |

Terase en conta a imposibilidade de calquera tipo de práctica vocal dentro da aula, así como a imposibilidade da interpretación en grupo con instrumentación Orff. Os estándares referidos á interpretación contemplarán unicamente aquela realizada coa metodoloxía e material que a situación pandémica permita.

Suprimíronse aqueles criterios relacionados coa técnica vocal, canto, interpretación grupal e danza, así como os referidos a organización de concertos ou actuacións públicas, imposibles de impartir debido ás limitacións que impón a situación actual.

Tamén os relacionados coa composción e creación de pezas a través de medios informáticos, pola imposibilidade de acceso a un aula de informática e pola imposibilidade de interpretación con instrumental Orff da aula. (MUB 1.3)

Terase en conta tamén que aqueles estándares contemplados que fagan referencia á interpretación musical serán impartidos de xeito adaptado ás características do actual curso, primando a interpretación de pezas rítmicas e de percusión corporal.

# 1º BAC LPM - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 2: A AUDICIÓN COMPRENSIVA

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **50%** | **B2.1.** | LPMB2.1.1 Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e acada unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha idónea execución individual ou colectiva. | CMCCT ▪ CSC |
| **30%** | **B2.2.** | LPMB2.2.1 Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc... das obras escoitadas ou interpretadas. | CMCCT ▪ CCEC |
| **30%** | | LPMB2.2.2 Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio da audición. | CCEC |
| **30%** | | LPMB2.2.3 Escoita obras musicais seguindo a partitura. | CCEC |
| **50%** | | LPMB2.2.4 Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea. | CCEC |
| **50%** | | LPMB2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, empregando a terminoloxía axeitada. | CCEC ▪ CCL |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | **CA, TIC, EMP, EC, PV** | | |

# 1º BAC LPM - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 3: A TEORÍA MUSICAL

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **50%** | **B3.1.** | LPMB3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. | CMCCT ▪ CSC |
| **50%** | | LPMB3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea. | |
| **50%** | **B3.2.** | LPMB3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, empregando diferentes soportes. | |
| **40%** | | LPMB3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais. | |
| **50%** | | LPMB3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical. | |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | **CL, TIC, EC, PV** | | |

# 1º BAC LPM - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 4: A CREACIÓN E A INTERPRETACIÓN

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **40%** | **B.4.1** | LPMB4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvísaas libremente, coordinándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado. | CMCCT |
| **20%** | **B.4.2** | LPMB4.2.1. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea, e estruturados nunha forma musical. | CCEC ▪ CSIEE |
| **50%** | **B.4.3** | LPMB4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva. | CCEC |
| **50%** | | LPMB4.3.2. Mantén unha actitude positiva ante a música, e ante os compañeiros e compañeiras. | CSC ▪ CCEC |
| **50%** | | LPMB4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis do grupo. | CSC ▪ CSIEE |
| **20%** | **B.4.4** | LPMB4.4.1. Crea unha pequena obra musical empregando os coñecementos musicais adquiridos. | CCEC ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE |
| **50%** | **B.4.5** | LPMB4.5.1. Compórtase de maneira axeitada como espectador/-a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos. | CSC |
| **40%** | | LPMB4.5.2. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico. | CSC |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | | **EOE, TIC, EMP, EC, PV** | |

# 1º BAC LPM - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 5: AS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO SON

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **20%** | **B.5.1** | LPM5.2.1.Emprega de xeito autónomo os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical. | CAA ▪ CD ▪ CMCCT |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | | **CA, TIC, EMP, EC, PV** | |

| 1º BAC LPM - Avaliación de criterios é estándares | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 6: ACTITUDE E ESFORZO** | | | |
| **Grao mín. de consecución** | **Id. do criterio** | **Estándares de aprendizaxe** | **competencias clave** |
| **50%** | **B.6.1** | B6.1 Acepta e cumpre as normas de convivencia na aula | CCEC |
| **50%** | | B6.2 Acepta a autoridade do profesorado | CCEC |
| **50%** | | B6.3 Realiza as tarefas encomendadas | CCEC |
| **50%** | | B6.4 Amosa esforzo e interes ó realizar as tarefas encomendadas | CCEC |
| **TEMAS TRANSVERSAIS** | **EC, PV** | | |

**Suprimíronse aqueles estándares relacionados coa técnica vocal, canto, interpretación grupal e danza, imposibles de impartir debido ás limitacións que impón a situación actual, e tamén os relacionados co uso de sofware para aplicacións musicais ou programas de edición de música e partituras pola imposibilidade de uso da aula deinformática:**

- **MUB 1.1.2,** - Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal
- **MUB 1,1,3 -** Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.
- **MUB 1.2.1 -** Reproduce e identifica intervalos, escalas e acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz
- **.MUB 4.3.3 -** Emprega os instrumentos da aula cunha técnica correcta..
- **MUB 4.3.4** Aplica a técnica vocal para cantar entonada e afinadamente nas actividades de interpretación.
- **MUB 4.4.2 Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica axeitando a súa concepción ao carácter expresivo da obra.**
- **MUB 5.1.1 Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.**

**Terase en conta tamén que aqueles estándares contemplados que fagan referencia á interpretación musical están condicionados pola situación sanitaria ó longo do curso, e poden ser suprimidos ou modificados en función das directrices da propia Xunta, e das posibilidades organizativas do centro en canto espazos libres, número de alumnos, etc..., e da dispoñibilidade de uso de instrumentos e outros materiais.**

# 1º BAC LPM - -AVALIACIÓN

## 6. Avaliación inicial

**Data de realización:**
Durante o mes de setembro

**Descrición das probas:**
A proba consistirá nun cuestionario de preguntas e respostas escritas, de exercicios de discriminación auditiva de notas e figuras e, eventualmente de exercicios de ritmo, coa fin de determinar o nivel de coñecementos e habilidades previas do alumnado.

**Consecuencias dos resultados:**
A avaliación inicial servirá como punto de referencia, tanto para tomar decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e ás programacións de aula, secuenciación de contidos, etc... Así como para tomar no seu caso as medidas de apoio, reforzo e recuperación oportunas para cada alumno ou alumna.

**Información ás familias:**
Se o resultado das probas así o aconsellara, a través dunha conversa directa coa familia,a través da figura do titor do grupo ou a través do equipo de orientación.

## 7. Avaliación continua

**Temporalización das probas de avaliación:**
Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación e un exame práctico de percusión rítmica, práctica instrumental ou aquilo que se traballe na aula a nivel práctico.

**Cualificación das probas:**
A cualificación de cada proba, ficha ou traballo calcularase sempre sobre 10 puntos.
O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.

**Media, ponderación e redondeo:**
Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa e rexistro no caderno do profesorado: LPM 4.3.2, LPM 4.3.5, LPM 4.5.1, e todos os do bloque 6.
O 70% restante dividirase entre as distintas probas, fichas de clase e traballos relacionadas cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ó grao mínimo de consecución dos estándares.
O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.

**Aspectos a valorar dentro da observación do traballo na aula:**
Contidos procedimentais relacionados coa interpretación rítmica e instrumental.
Actitudes reflectidas nos estándares de aprendizaxe.

**Recuperación dunha proba non superada:**
As probas non superadas non se recuperarán . Enténdese que a nota da avaliación é a media de diversas probas e traballos, de xeito que un alumno pode compensar unha mala nota nun exercicio mellorando a nota noutra proba.

**Recuperación dunha avaliación non superada:**
As avaliacións non superadas non se recuperarán, ó entenderse que a avaliación da materia é continua e que a media final establécese en base ós resultados das tres avaliacións. En liñas xerais diremos que o xeito de recuperar unha avaliación é superando a outra ou outras.

**Cualificación da avaliación final ordinaria:**

- Como norma xeral, seguirase o seguinte criterio:
  Con dúas avaliacións aprobadas o alumno/a aprobará a avaliación ordinaria.
- En todo caso, se a única avaliación aprobada é a terceira, o/a alumno/a poderá excepcionalmente aprobar a avaliación ordinaria sempre que a cualificación do seu esforzo e actitude (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa positiva.
- Con dúas avaliacións suspensas o alumno/a suspenderá a avaliación ordinaria.
- No caso de que a única avaliación suspensa sexa a terceira, o/a alumno/a poderá suspender a avaliación ordinaria cando a cualificación do seu esforzo e actitude (30% da cualificación final, valorada cos estándares correspondentes) sexa negativa.

## 8. Avaliación final

**Proba de avaliación final:**

Non hai proba de avaliación final. A materia é eminentemente procedimental, polo que o departamento considera que a avaliación continua é o referente principal.

**Criterios para a promoción:**

Dependerá do estimado polo equipo docente e a normativa vixente no momento da avaliación final

## 9. Avaliación extraordinaria

**Procedemento de avaliación extraordinaria:**

Avaliarase cunha proba escrita sobre os contidos conceptuais de todo o curso. A proba valorarase sobre 10 puntos e cada pregunta levará indicada a súa puntuación máxima. O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.

## 10. Recuperación e avaliación de pendentes

Non hai alumnado pendente na materia de LPM neste curso.

<table>
<tr><th colspan="3">1º BAC LPM - ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO SEMIPRESENCIAL</th></tr>
<tr><td>CONTIDOS</td><td colspan="2">No caso de ensino semipresencial os contidos manteríanse tal como están, entendéndose que habería horas de docencia presenciais onde traballar aqueles máis prácticos e horas non presenciais onde reforzar aqueles teóricos.</td></tr>
<tr><td>ESTÁNDARES</td><td colspan="2">No caso de ensino semipresencial manteríanse igualmente os criterios estándares especificados na programación, pero cambiaría o grao de consecución para aqueles relacionados coa práctica musical, que pasarían a ter un 30% no grao de consecucións en lugar do 50% que figura no documento, por entenderse que a dedicación a estes estándares non pode ser de igual peso que nun ensino presencial.</td></tr>
<tr><td>AVALIACIÓN</td><td colspan="2">Manteríase igual a avaliación da materia en caso de ensino semipresencial, podéndose facer algunhas das probas de xeito telemático en lugar de presencial neste caso, pero mantendo sempre a presencialidade a lo menos nunha proba escrita por trimestre.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">METODOLOXÍA</td><td>Actividades</td><td>As actividades en caso de ensino semipresencial serán principalmente de repaso e reforzo de todo o traballado na aula de xeito presencial. As actividades presentaranse preferiblemente a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, de investigación e busca na rede ou actividades de tipo artístico (interpretación de cancións vocais ou instrumentais gravadas en vídeo ou audio, etc.) Algunha actividade poderá ter carácter voluntario mentres outras serán obrigatorias e contarán na media da avaliación.</td></tr>
<tr><td>Materiais e recursos</td><td>O carecer de libro de texto nesta materia, o material de traballo estará feito polas propias profesoras do Departamento de Música: Cuestionarios, temas, e outras actividades en PDF ou impresos en papel para as clases presenciais, exercicios de identificación de audicións en mp3, enlaces a vídeos ou páxinas de interese. Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos Word e PDF, programas de edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta.</td></tr>
</table>

# 1º BAC LPM - ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO NON PRESENCIAL

| | |
|---|---|
| **CONTIDOS** | No caso de ensino non presencial suprimiríanse os seguintes contidos ante a imposibilidade de traballalos a distancia sen supervisión directa, ou sen a posibilidade de contar co grupo:<br>• B1.5 Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á ornamentación musical, á articulación dos sons e aos seus ataques.B1.4. Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación e a creación musical..<br>• B1.7 Práctica da lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico.<br>• B1.8 Práctica da lectura de obras musicais, empregando partituras..<br>• B4.9 Participación na organización e realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas dos demais.<br>• B6.1 Aceptación e cumprimento das normas de convivencia na aula |
| **ESTÁNDARES** | No caso de ensino non presencial suprimiranse os seguintes estándares ante a imposibilidade de traballalos a distancia sen supervisión directa, ou sen a posibilidade de contar co grupo:<br>• LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, empregando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.<br>• LPMB4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvísaas libremente, coordinándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.<br>• LPMB4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.<br>• LPMB4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis do grupo.<br>• LPMB4.4.1. Crea unha pequena obra musical empregando os coñecementos musicais adquiridos.<br>• LPMB4.5.1. Compórtase de maneira axeitada como espectador/-a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.<br>• LPMB4.5.2. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico. |
| **AVALIACIÓN** | • Temporalización das probas de avaliación:<br>Farase como mínimo unha proba teórica por avaliación sobre os contidos traballados cada trimestre. Esta proba propoñerase a través da aula virtual e enviarase por correo electrónico nunha data e hora concreta.<br>Ademais valoraranse todos aqueles traballos, cuestionarios ou actividades propostas na aula virtual ó longo do trimestre.<br>• Cualificación das probas:<br>A cualificación de cada proba, ficha ou traballo calcularase sempre sobre 10 puntos.<br>O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación. |

<table>
<tr><td></td><td colspan="2"><ul><li>Media, ponderación e redondeo:</li></ul>Un 10% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude do alumnado á hora de realizar e entregar todas as actividades propostas.<br>un 40% dividirase entre as distintas actividades, fichas e traballos relacionados cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas en base ó grao mínimo de consecución dos estándares, e o 50 % será a media das probas escritas con carácter de exame que se realicen telemáticamente.<br>O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración dos estándares relacionados coa actitude e esforzo.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">METODOLOXÍA</td><td>Actividades</td><td>As actividades nesta adaptación ó ensino non presencial propoñeranse a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, de investigación e busca na rede ou actividades de tipo artístico (interpretación de cancións vocais ou instrumentais gravadas en vídeo ou audio, etc.) Algunha actividade poderá ter carácter voluntario, valorándose a maiores daquelas de carácter obrigatorio.</td></tr>
<tr><td>Materiais e recursos</td><td>O carecer de libro de texto nesta materia, o material de traballo estará feito polas propias profesoras do Departamento de Música: Cuestionarios, temas, e outras actividades en PDF ,exercicios de identificación de audicións en mp3, cuestionarios e probas tipo test para autocorrección, creación de vídeos tutoriais e explicativos sobre conceptos ou como guía para a interpretación rítmica ou melódica, enlaces a vídeos ou páxinas de interese... Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos Word e PDF, programas de edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta.</td></tr>
<tr><td>INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</td><td colspan="2">Para a publicación das actividades e información usarase preferiblemente a aula virtual, podéndose utilizar de forma ocasional a propia páxina web do centro, onde tamén se poñerán as notificacións xerais para todo o alumnado e as novas de interese que podan xurdir. A comunicación persoal cos alumnos será a través do correo electrónico, cos titores e outros profesores a través do correo electrónico ou videoconferencia na plataforma Webex ou similar. No caso de ter que comunicarse coas familias, será a través do teléfono. Por outra banda, as profesoras do Departamento estarán tamén en comunicación a través do correo, teléfono, Wassap e vídeoconferencia.</td></tr>
</table>

# HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA 2º BAC

# INTRODUCCIÓN

A música e a danza son manifestacións artísticas que van ligadas ao devir histórico e cultural da humanidade. O estudo da súa historia pretende proporcionarlle ao alumnado unha visión global do lugar que ocupan ambas as disciplinas na historia da arte e dotalo de fundamentos de comprensión, análise e valoración das creacións, de criterios para establecer xuízos estéticos propios sobre elas, así como facilitarlle a adquisición de horizontes culturais máis ambiciosos. Resulta evidente que o mundo está repleto de música e danza de diversos tipos: tradicional, folk, clásica ou jazz, por citar só uns poucos. Pero as modernas comunicacións e a tecnoloxía da reprodución sonora e visual fixeron do pluralismo musical parte da vida cotiá. Con todo, os modos nos que pensamos en música non reflicten esta situación: historicamente cada tipo de música ou danza chega co seu propio modo de pensar e inflúe na sociedade como se fose o único modo de pensar na música e na danza. Esta materia pretende abranguer a música e a danza ao seu paso pola historia e a súa vinculación coa sociedade e as artes en cada período, dándolle un carácter integrador que fai posible aproximarse á evolución das devanditas creacións. Ademais, o estudo desta materia permite abrir horizontes novos, procurar novas metas culturais e ampliar a perspectiva desde a que observar a música e a danza, non tanto a través dun estudo minucioso de autores e autoras, ou do catálogo das súas obras, senón máis ben a través da comprensión e a valoración das grandes achegas individuais ou colectivas, das súas características e o seu devir no tempo. Deben ser obxecto de estudo as características máis salientables que configuran un estilo, unha época, os autores e as autoras máis salientables, cuxas obras impulsaron a evolución e o cambio cara a novas concepcións estéticas da música e da danza. A interpretación deberá ser entendida como a tradución práctica do código correspondente ou proveniente da tradición. Os coñecementos adquiridos en cursos anteriores e no estudo desta materia permitirán ao alumnado comprender a evolución da música e da danza, establecer asociacións con outras manifestacións artísticas das sociedades en que se produciron, situar temporalmente as obras e, finalmente, construír argumentacións fundadas na súa análise e na súa valoración. A materia de Historia da Música e da Danza contribúe a que o alumnado se familiarice coa lectura de documentos e fontes que lle faciliten o acceso á comprensión de todos os aspectos técnicos relativos á música e á danza. O coñecemento destes aspectos e a adquisición de competencias desenvolverán no alumnado a cultura estética, e a integración de todos eles proporcionará habilidades e estratexias de método que lle permitirán acceder e procesar datos para reflexionar de xeito autónomo sobre eles con posterioridade, conseguindo como resultado final que o alumnado poida situar, comprender, asimilar e comentar calquera obra que se someta á súa consideración. Logo de cursada esta materia, os alumnos e as alumnas adquirirán unha formación máis ampla, unha visión máis global do lugar que ocupan a música e a danza na historia da arte, e desenvolverán criterios para establecer xuízos estéticos propios. A materia estrutúrase en nove bloques: "Percepción, análise e documentación", "A música e a danza da Antigüidade á Idade Media", "O Renacemento", "O Barroco", "O Clasicismo", "O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo", "Primeiras tendencias modernas", "Música e danza na segunda metade do século XX" e "A música tradicional no mundo".

| OBXECTIVOS DE BACHARELATO PRESENTES NA MATERIA DE HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA |
|---|
| **O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:** |
| 1. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade |
| 2. Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. |
| 3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade. |
| 4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. |
| 5. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. |
| 6. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras. |
| 7. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación. |
| 8. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social. |
| 9. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida. |
| 10. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego. |
| 11. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. |
| 12. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. |
| 13. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables. |
| 14. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria. |
| 15. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado. |

# 2º BAC HMD - Secuenciación e temporalización dos contidos

| Avaliacións | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | Temporalización |
|---|---|---|---|---|
| | Unidade | Bloque | CONTIDO | Mes |
| 1º AVALIACIÓN | 1 A MÚSICA E A DANZA DA ANTIGÜIDADE Á IDADE MEDIA | B2.1 | Música sacra. Canto gregoriano: características, orixe e evolución. Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O códice Calixtino. | SETEMBRO/ OUTUBRO |
| | | B2.2 | Música profana; trobadores, trobeiros, xograres e goliardos | |
| | | B2.3 | Instrumentos medievais | |
| | | B2.4 | A danza na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia e Persia, pobo hebreo e Creta | |
| | | B2.5 | A danza na Antigüidade clásica: Danzas teatrais en Grecia e Roma. Traxedia grega | |
| | | B2.6 | A danza na Idade Media. Danza e Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra. | |
| | | B2.7 | Fontes iconográficas. Iconografía pétrea en Galicia e códices afonsinos. | |
| | | B2.8 | Lírica galaico-portuguesa. Afonso X, o Sabio | |
| | | B2.9 | Contexto histórico, social e cultural no que se desenvolve a música e a danza ma Antigüidade e na Idade Media | |
| | 2 O RENACEMENTO | B3.1 | Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa | NOVEMBRO/ DECEMBRO |
| | | B3.2 | Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana; madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas. | |
| | | B3.3 | O Renacemento en España: Música vocal profana (villancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria. | |
| | | B3.4 | Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo. | |
| | | B3.4 | Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo. | |
| | | B3.5 | Danzas de corte: Tipos e características. | |
| | En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas e avaliaicóns. | | | |

<table>
<tr><th colspan="5">2º BAC HMD - Secuenciación e temporalización dos contidos</th></tr>
<tr><th rowspan="2">Avaliacións</th><th colspan="3">UNIDADES DIDÁCTICAS</th><th>Temporalización</th></tr>
<tr><th>Tema</th><th>Bloque</th><th>CONTIDO</th><th>Mes</th></tr>
<tr><td rowspan="19">2º AVALIACIÓN</td><td rowspan="10">3<br>O BARROCO</td><td>B4.1</td><td>Música no Barroco: característica, periodización e escolas</td><td rowspan="10">XANEIRO</td></tr>
<tr><td>B4.2</td><td>Nacemento da ópera. Ópera seria e ópera bufa.</td></tr>
<tr><td>B4.3</td><td>Música e relixión. Cantata, oratorio e paixón.</td></tr>
<tr><td>B4.4</td><td>Formas instrumentais: orixe, características e evolución.</td></tr>
<tr><td>B4.5</td><td>Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca.</td></tr>
<tr><td>B4.6</td><td>Ópera Ballet, Comedia Ballet e outros xéneros do Barroco.</td></tr>
<tr><td>B4.7</td><td>Real Academia da Danza en París. Chegada do profesionalismo á danza.</td></tr>
<tr><td>B4.8</td><td>Música barroca en España. Música vocal, sacra e profana. Teatro musical: ópera e zarzuela. Música instrumental. Música nas catedrais galegas.</td></tr>
<tr><td>B4.9</td><td>Principais compositores e compositoras. Función social da persoa compositora.</td></tr>
<tr><td>B4.10</td><td>Danzas cortesás do Barroco. Ballet de Luis XIV. Música escénica.</td></tr>
<tr><td rowspan="7">4<br>O CLASICISMO</td><td>B5.1</td><td>Estilo Galante e Escola de Mannheim</td><td rowspan="7">FEBREIRO</td></tr>
<tr><td>B5.2</td><td>Formas instrumentais: orixe, características e evolución.</td></tr>
<tr><td>B5.3</td><td>Música sinfónica e de cámara. Música vocal: reforma de Gluck. Ópera bufa e ópera seria</td></tr>
<tr><td>B5.4</td><td>Principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven</td></tr>
<tr><td>B5.5</td><td>Organoloxía: O piano e o cuarteto de corda; evolución da orquestra.</td></tr>
<tr><td>B5.6</td><td>Ballet de acción. Noverre e outros reformadores. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Innovacións da posta en escena.</td></tr>
<tr><td>B5.7</td><td>Clasicismo en España.</td></tr>
<tr><td></td><td></td><td>Romanticismo:<br>• Orquestra romántica.<br>• Formas sinfónicas.<br>• Sinfonía, conserto e música</td><td></td></tr>
</table>

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **5**<br>**O**<br>**ROMANTICISMO** | | programática.<br>• Piano romántico.<br>• Música de cámara.<br>• Ópera. Tendencias. Evolución da ópera como espectáculo. Verismo.<br>• Lied. Composición no Romanticismo e no Posromanticismo. | **MARZO** |
| | | | Orixe e significado dos nacionalismos musicais: escolas e estilos. Figuras representativas da composición. | |
| | | | Rexurdimento musical en Galicia: Música instrumental e vocal | |
| | | | Ballet romántico: xénese e desenvolvemento. Período posromántico no ballet. Principais obras e figuras do ballet imperial ruso. | |
| | | | Danza española. Orixes e consolidación das distintas vertentes: folclore: folclore, escola bolera, flamenco, danza estilizada. | |
| | | | Música na España do século XIX. Zarzuela. Música galega: principais compositores | |
| | | | Influencia da literatura na música | |
| | En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas e avaliacións. | | | |

# 2º BAC HMD - Secuenciación e temporalización dos contidos

| Avaliacións | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | Temporalización |
|---|---|---|---|---|
| | Tema | Bloque | CONTIDO | Mes |
| YY<br>3º AVALIACIÓN | 6 PRIMEIRAS TENDENCIAS MODERNAS | B7.1 | Impresionismo: características musicais e figuras representativas. | ABRIL |
| | | B7.2 | Segunda escola de Viena. Do posromanticismo ó Dodecafonismo: composición e técnicas. | |
| | | B7.3 | Noeclasicismo. Representantes principais. Stravinski | |
| | | B7.4 | Teatro musical europeo e americano a comezos do século XX | |
| | | B7.5 | Orixe e desenvolvemento da música Jazz. | |
| | | B7.6 | Concepcións da orquestra no século XX | |
| | | B7.7 | Ballets rusos. Diaghiliev.(coreógrafos, compositores e escenógrafos). Danza moderna. | |
| | | B7.8 | Novas linguaxes no século XX. O século dos ismos: Surrealismo, Expresionismo, etc... | |
| | | B7.9 | Desenvolvemento da danza moderna nas primeiras décadas do século XX | |
| | | B7.10 | Música en España na primeira metade do século. Falla e a xeración do 98. Xeración da República | |
| | | B7.11 | Música galega. Figuras representativas galegas na diáspora. | |
| | 7 MÚSICA E DANZA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX | B8.1 | Serialismo integral | ABRIL |
| | | B8.2 | Vangardas. Indeterminación e aleatoriedade. Novas grafías. Música electroacústica e música concreta | |
| | | B8.3 | Postseralismo | |
| | | B8.4 | Música da vangarda española: xeración do 51. Música galega. Autores contemporáneos. | |
| | | B8.5 | Música e danza popular moderna: jazz, pop e rock | |
| | | B8.6 | Danza contemporánea. Evolución e expansión na segunda metade do século XX | |
| | | B8.7 | Cante e baile flamenco. | |
| | | B8.8 | Música e danza popular galega | |
| | | B8.9 | Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine. | |
| | | B8.10 | Novos instrumentos. Novas tecnoloxías aplicadas á música | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **8**<br>**A MÚSICA TRADICIONAL NO MUNDO** | B9.1 | Danza e música exótica, étnica, folclórica e popular. Música e danza popular galega. | **MAIO** |
| | | B9.2 | Función social da música e a danza: ritos, tradicións e festas. | |
| | | B9.3 | Características da música e a danza: ritmo, melodía, morfoloxía, estilos de canto, texturas, pasos, disposicións e movementos. | |
| | | B9.4 | Organoloxía. Introdución ós instrumentos tradicionais. O instrumento musical como obxecto etnográfico. | |
| | **En táboa aparte relaciónanse os contidos comúns a tódolos temas e avaliacións.** | | | |

| **2º BAC HMD - CONTIDOS COMÚNS A TODOS OS TEMAS E AVALIACIÓNS** | |
|---|---|
| **Bloque** | **Contido** |
| B1.1 | Escoita, visión e análise de obras de música e danza representativas de cada período, procedentes doutras culturas ou de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características formais, estéticas e estilísticas. |
| B1.2 | A obra artística no seu contexto histórico. |
| B1.3 | Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra |
| B1.4 | Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crearon, e seleccionando información procedente de diversas fontes sobre autorías e obras. |
| B1.5 | Lectura e comentario crítico de textos literarios musicais relativos á danza. |
| B1.6 | Estudo da música e a danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática |
| B1.7 | Documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras. |
| B1.8 | Elaboración de argumentos e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, sobre textos relacionados coa música e a danza, correntes estéticas ou cos autores ou autoras. |

# 2º BAC HMD - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 1: PERCEPCIÓN, ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **20%** | **B.1.1** | HMDB1.1.1. Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela. | CCEC ▪ CAA |
| **40%** | | HMDB1.1.2. Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e a danza. | CMCCT |
| **20%** | | HMDB1.1.3. Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración de comentarios. | CAA ▪ CCL |
| **50%** | **B.1.2** | HMDB1.2.1. Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e a danza. | CCEC |
| **50%** | | HMDB1.2.2 Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras. | CAA ▪ CCL |
| **50%** | | HMDB1.2.3. Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ ou estilístico. | CCEC ▪ CCL |
| **20%** | **B.1.3** | HMDB1.3.1. Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia. | CCEC ▪ CAA |
| **30%** | | HMDB1.3.2. Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación. | CCEC ▪ CAA ▪ CSC |
| **30%** | | HMDB1.3.3. Comprende e describe o proceso creativo de músicos/as e coreógrafos/as | CAA ▪ CSC |
| **30%** | **B.1.4** | HMDB1.4.1. Describe as formulacións plasmadas polo autor do texto en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta. | CCL ▪ CAA ▪ CCEC |
| **50%** | | HMDB1.4.2. Elabora unha análise do texto de xeito ordeado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde. | CAA ▪ CCL |
| **50%** | **B.1.5** | HMDB1.5.1. Comprende e explica o papel da música e a danza, e o xeito en que se relacionan con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total. | CAA ▪ CCEC ▪ CCL |
| **30%** | | HMDB1.5.2. Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta. | CAA ▪ CCL |
| **20%** | | HMDB1.5.3. Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas. | CD ▪ CSIEE |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **20%** | **B.1.6** | HMDB1.6.1. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación | CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CCL |
| **30%** | | HMDB1.6.2. Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo. | CCL ▪ CCEC ▪ CAA |
| **50%** | | HMDB1.6.3. Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes. | CSC ▪ CSIEE |
| **20%** | | HMDB1.6.4. Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, a repartición do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia | CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC |
| **30%** | | HMDB1.6.5. Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas.. | CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC |
| **30%** | | HMDB1.6.6. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos. | CD ▪ CAA |

# 2º BAC HMD - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 2: A MÚSICA E A DANZA DA ANTIGÜIDADE Á IDADE MEDIA

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **50%** | **B.2.1** | HMDB2.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | CAA ▪ CCEC ▪ CCL |
| **50%** | | HMDB2.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos | CCEC ▪ CCL ▪ CD |
| **30%** | **B.2.2** | HMDB2.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un autor determinado, establecendo xuízos críticos. | CAA ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CCL |

# 2º BAC HMD - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 3: O RENACEMENTO

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **50%** | **B.3.1** | HDMB 3.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | CAA ▪ CCEC ▪ CCL |
| **50%** | | HDMB 3.1.2 Coñece e describe as obras e os autores máis representativos deste período. | CCEC ▪ CCL ▪ CD |
| **30%** | **B.3.2** | HDMB 3.2.1 Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, estilo ou un autor determinado, e establece xuízos críticos. | CAA ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CCL |

# 2º BAC HMD - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 4: O BARROCO

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **50%** | **B.4.1** | HDMB 4.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | CAA ▪ CCEC ▪ CCL |
| **50%** | | HDMB 4.1.2. Coñece e describe as obras e os autores máis representativos deste período. | CCEC ▪ CCL ▪ CD |
| **30%** | **B.4.2** | HDMB 4.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un autor determinado, establecendo xuízos críticos. | CAA ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CCL |

# 2º BAC HMD - Avaliación de criterios é estándares

## BLOQUE 5: O CLASICISMO

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| **50%** | **B.5.1** | HDMB 5.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | CAA ▪ CCEC ▪ CCL |
| **50%** | | HDMB 5.1.2. Coñece e describe as obras e os autores máis representativos deste período. | CCEC ▪ CCL ▪ CD |
| **30%** | **B.5.2** | HDMB 5.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un autor determinado, establecendo xuízos críticos. | CAA ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CCL |

## 2º BAC HMD - Avaliación de criterios é estándares

### BLOQUE 6: O ROMANTICISMO, O NACIONALISMO E O POSROMANTICISMO

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| 50% | B.6.1 | HMDB 6.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | CAA ▪ CCEC ▪ CCL |
| 50% | | HMDB 6.1.2. Coñece e describe as obras e os autores máis representativos deste período. | CCEC ▪ CCL ▪ CD |
| 30% | B.6.2 | HDMB 6.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un autor determinado, establecendo xuízos críticos. | CAA ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CCL |

## 2º BAC HMD - Avaliación de criterios é estándares

### BLOQUE 7: PRIMEIRAS TENDENCIAS MODERNAS

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| 50% | B.7.1 | HMDB 7.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | CAA ▪ CCEC ▪ CCL |
| 50% | | HMDB 7.1.2. Coñece e describe as obras e os autores máis representativos deste período. | CCEC ▪ CCL ▪ CD |
| 30% | B.7.2 | HDMB 7.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un autor determinado, establecendo xuízos críticos. | CAA ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CCL |

## 2º BAC HMD - Avaliación de criterios é estándares

### BLOQUE 8: MÚSICA E DANZA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX

| Grao mín. de consecución | Id. do criterio | Estándares de aprendizaxe | competencias clave |
|---|---|---|---|
| 50% | B.8.1 | HMDB 8.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. | CAA ▪ CCEC ▪ CCL |
| 50% | | HMDB 8.1.2. Coñece e describe as obras e os autores máis representativos deste período. | CCEC ▪ CCL ▪ CD |
| 30% | B.8.2 | HDMB 8.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un autor determinado, establecendo xuízos críticos. | CAA ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CCL |

| 2º BAC HMD - Avaliación de criterios é estándares | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 9: MÚSICA E DANZA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX** | | | |
| **Grao mín. de consecución** | **Id. do criterio** | **Estándares de aprendizaxe** | **competencias clave** |
| **20%** | **B.9.2** | HDMB 9.1.1. Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos. | CCEC ▪ CCL ▪ CD |

# 2º BAC HMD - -AVALIACIÓN

## 1. Avaliación inicial

**Data de realización:**
Primeiras semanas de clase

**Descrición das probas:**
A proba consistirá en preguntas de tipo oral sobre os contidos xerais da materia.

**Consecuencias dos resultados:**
A avaliación inicial servirá como punto de referencia, tanto para tomar decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e ás programacións de aula, secuenciación de contidos, etc... Así como para tomar no seu caso as medidas de apoio e reforzo para cada alumno ou alumna.

## 2. Avaliación continua

**Probas de avaliación:**
Farase como mínimo unha proba escrita por tema . A maiores dos exames, nalgún dos temas pódeselle pedir ó alumnado traballos escritos ou exposicións orais sobre os temas traballados, tanto voluntarios como de carácter obrigatorio.

**Cualificación das probas:**
A cualificación de cada proba, ficha ou traballo calcularase sempre sobre 10 puntos.
O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.

**Media, ponderación e redondeo:**
Un 20% da nota da avaliación corresponderá á valoración de traballos escritos ou orais encomendados cada avaliación. De non haber traballos esa avaliación, a porcentaxe sumarase á correspondente ás probas escritas.
Un 70% corresponderá á media dos exames escritos trimestrais.
O 10% restante corresponderá os exercicios, fichas e actividades da aula.
O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio do profesor e tendo en conta a nota e valoración do esforzo,dedicación e actitude do alumnado cara á materia

**Recuperación dunha proba non superada:**
As probas non superadas non se recuperarán . Enténdese que a nota da avaliación é a media de diversas probas e traballos, de xeito que un alumno pode compensar unha mala nota nun exercicio mellorando a nota noutra proba ou traballo.

**Recuperación dunha avaliación non superada:**
As avaliacións non superadas en principio non se recuperarán, ó entenderse que a avaliación da materia é continua e que a media final establécese en base ós resultados das tres avaliacións. En liñas xerais diremos que o xeito de recuperar unha avaliación é superando a outra ou outras.
Unicamente se contempla unha proba de recuperación final no mes de maio para aqueles alumnos que non superen a media final da materia. Nesta proba o alumnado con dúas avaliacións suspensas deberá superar a materia daqueles temas non aprobados, podéndoselles manter a nota dos temas aprobados en cada avaliación. Deberán asegurarse así o aprobado en a lo menos dúas das tres avaliacións.
Aqueles alumnos que non aprobaran ningunha das avaliacións, deberán superar unha proba final de toda a materia do curso.

**Cualificación da avaliación final ordinaria:**

Como norma xeral, seguirase o seguinte criterio:

- Con dúas avaliacións aprobadas o alumno/a aprobará a avaliación ordinaria.
- Con dúas avaliacións suspensas o alumno/a suspenderá a avaliación ordinaria.
- No caso de suspender a avaliación ordinaria, o alumnado terá dereito a unha proba final de recuperación sobre a materia das avaliacións suspensas. Con esta proba superada, o alumnado superará a avaliación ordinaria.

## 3. Avaliación final

**Proba de avaliación final:**

Contémplase unha proba de recuperación final no mes de maio para aqueles alumnos que non superen a media final da materia.

O alumnado con dúas avaliacións suspensas deberá superar a materia daqueles temas non aprobados, podéndoselle manter a nota dos temas aprobados en cada avaliación. Deberán asegurarse así o aprobado na media de a lo menos dúas das tres avaliacións.

Aqueles alumnos que non aprobaran ningunha das avaliacións, deberán superar unha proba final de toda a materia do curso.

**Criterios para a promoción:**

Dependerá do estimado polo equipo docente e a normativa vixente no momento da avaliación final

## 4. Avaliación extraordinaria

**Procedemento de avaliación extraordinaria:**

Avaliarase cunha proba escrita sobre os contidos conceptuais de todo o curso. A proba valorarase sobre 10 puntos e cada pregunta levará indicada a súa puntuación máxima.
O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.

## 5. Recuperación e avaliación de pendentes

Non hai alumnado pendente na materia de HMD este curso

<table>
<tr><th colspan="3">2º BAC HMD- ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO SEMIPRESENCIAL</th></tr>
<tr><td>CONTIDOS</td><td colspan="2">No caso de ensino semipresencial os contidos manteríanse tal como están, entendéndose que habería horas de docencia presenciais onde traballar aqueles máis prácticos e horas non presenciais onde reforzar aqueles teóricos.</td></tr>
<tr><td>ESTÁNDARES</td><td colspan="2">No caso de ensino semipresencial manteríanse igualmente os criterios estándares especificados na programación.</td></tr>
<tr><td>AVALIACIÓN</td><td colspan="2">Manteríase igual a avaliación da materia en caso de ensino semipresencial, podéndose facer algunhas das actividades e traballos de xeito telemático en lugar de presencial neste caso, pero mantendo sempre a presencialidade a lo menos nunha proba escrita por tema.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">METODOLOXÍA</td><td>Actividades</td><td>As actividades en caso de ensino semipresencial serán principalmente de repaso e reforzo de todo o traballado na aula de xeito presencial. As actividades presentaranse preferiblemente a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, de investigación e busca na rede ou actividades de tipo creativo (sonorización de imaxes, representacións gráficas ou artísticas gravadas en vídeo ou audio, etc.) Algunha actividade poderá ter carácter voluntario mentres outras serán obrigatorias e contarán na media da avaliación.</td></tr>
<tr><td>Materiais e recursos</td><td>O carecer de libro de texto nesta materia, o material de traballo estará feito polas propias profesoras do Departamento de Música: Cuestionarios, temas, e outras actividades en PDF ou impresos en papel para as clases presenciais, exercicios de identificación de audicións en mp3, enlaces a vídeos ou páxinas de interese. Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos Word e PDF, programas de edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta.</td></tr>
</table>

<table>
<tr><th colspan="3">2º BAC HMD - ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO NON PRESENCIAL</th></tr>
<tr><td>CONTIDOS</td><td colspan="2">No caso de ensino non presencial non se suprimirán ningún dos contidos da materia, entendéndose que todos eles se poden traballar tanto de xeito presencial como telemático.</td></tr>
<tr><td>ESTÁNDARES</td><td colspan="2">No caso de ensino non presencial non se suprimirán ningún dos estándares da materia, entendéndose que todos eles se poden traballar tanto de xeito presencial como telemático</td></tr>
<tr><td>AVALIACIÓN</td><td colspan="2">• Temporalización das probas de avaliación:<br>Farase como mínimo unha proba teórica escrita por tema. Esta proba propoñerase a través da aula virtual e enviarase por correo electrónico nunha data e hora concreta.<br>Ademais valoraranse todos aqueles traballos, cuestionarios ou actividades propostas na aula virtual ó longo do trimestre.<br>• Cualificación das probas:<br>A cualificación de cada proba, ficha ou traballo calcularase sempre sobre 10 puntos.<br>O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.<br>• Media, ponderación e redondeo:<br>Un 10% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude do alumnado á hora de realizar e entregar todas as actividades propostas, incluídas as de carácter voluntario.<br>Un 20% dividirase entre as distintas actividades, fichas, cuestionarios, test e traballos, escritos ou en outro tipo de medio dixital ( vídeo, audio, Power Point...)<br>O 70 % restante será a media das probas escritas con carácter de exame que se realicen telemáticamente.<br>O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación a criterio da profesora.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">METODOLOXÍA</td><td>Actividades</td><td>As actividades nesta adaptación ó ensino non presencial propoñeranse a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, de investigación e busca na rede ou actividades de tipo creativo (gravadas en vídeo ou audio, etc.) Algunha actividade poderá ter carácter voluntario, valorándose a maiores daquelas de carácter obrigatorio e servindo para subir a media final da avaliación.</td></tr>
<tr><td>Materiais e recursos</td><td>O carecer de libro de texto nesta materia, o material de traballo estará feito polas propias profesoras do Departamento de Música: Cuestionarios, temas, e outras actividades en PDF ,exercicios de identificación de audicións en mp3, cuestionarios e probas tipo test para autocorrección, creación de vídeos tutoriais e explicativos sobre conceptos máis complicados, enlaces a vídeos ou páxinas de interese... Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos Word e PDF, programas de</td></tr>
</table>

| | | |
|---|---|---|
| | | edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta. |
| **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE** | Para a publicación das actividades e información usarase preferiblemente a aula virtual, podéndose utilizar de forma ocasional a propia páxina web do centro, onde tamén se poñerán as notificacións xerais para todo o alumnado e as novas de interese que podan xurdir. A comunicación persoal cos alumnos será a través do correo electrónico, cos titores e outros profesores a través da Extranet, do correo electrónico ou videoconferencia na plataforma Webex ou similar. No caso de ter que comunicarse coas familias, será a través do teléfono ou do correo electrónico.. Por outra banda, as profesoras do Departamento estarán tamén en comunicación a través do correo, teléfono, Wassap e vídeoconferencia. | |

# Avaliación da programación didáctica

## Mecanismo de revisión:

**PERIODICIDADE:** Levarase un control en cada unha das reunións de departamento convocadas

**MEDIDAS EN CASO DE DESFASE:**
Reaxustaranse as actividades para poder levar a cabo toda a avaliación de estándares previstas, en caso de que o axuste necesario leve a supresión dalgún elemento desta programación procederase coa seguinte priorización ata axustala ao tempo restante.

1. Eliminaranse algúns dos estándares
2. Eliminaranse algúns dos contidos

Ditos cambios quedaran reflectidos nas diferentes reunións de departamento e transmitirase a información ao alumnado afectado polo cambio. Recolleranse asemade na memoria de final de curso.

# ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Debido á crise sanitaria que estamos a vivir, o criterio do Departamento o presente curso é evitar calquera actividade extraescolar que poda supoñer risco para a saúde dos nosos estudantes, razón pola que non contempla actuacións públicas, concertos no centro, ou saídas con eles, a menos que estas conten con toda garantía de seguridade e en pequenos grupos de alumnos, pero dependemos para isto das propostas de diferentes entidades que oferten actividades ó longo do curso.

O que si se contempla por parte do Dpto. de música no presente curso é a posible creación de vídeos musicais coa participación dos alumnado dos distintos niveis educativos, gravacións na aula ou creacións con materiais enviado polos propios alumnos

# ÍNDICE


| | |
|---|---|
| DATOS DO DEPARTAMENTO | PX. 2 |
| CONTEXTUALIZACIÓN | PX. 3 |
| MÚSICA ESO | PX. 4 |
| INTRODUCCIÓN | PX. 5 |
| METODOLOXÍA | PX. 7 |
| MATERIAIS E RECUSROS DIDÁCTICOS | PX. 8 |
| ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | PX. 9 |
| MÚSICA 2º ESO | PX. 10 |
| OBXECTIVOS | PX. 11 |
| SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS | PX. 12 |
| AVALIACIÓN DE CRITERIOS E ESTÁNDARES | PX. 17 |
| AVALIACIÓN | PX. 21 |
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO SEMIPRESENCIAL | PX. 23 |
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO NON PRESENCIAL | PX. 24 |
| MÚSICA 3º ESO | PX. 27 |
| OBXECTIVOS | PX. 28 |
| SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS | PX. 29 |
| AVALIACIÓN DE CRITERIOS E ESTÁNDARES | PX. 34 |
| AVALIACIÓN | PX. 38 |
| PLAN DE REFORZO 3º ESO | PX. 40 |
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO SEMIPRESENCIAL | PX. 42 |
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO NON PRESENCIAL | PX. 43 |
| MÚSICA 4º ESO | PX. 46 |
| OBXECTIVOS | PX. 47 |
| SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS | PX. 48 |
| AVALIACIÓN DE CRITERIOS E ESTÁNDARES | PX. 53 |
| AVALIACIÓN | PX. 58 |
| PLAN DE REFORZO 3º ESO | PX. 61 |
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO SEMIPRESENCIAL | PX.62 |
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO NON PRESENCIAL | PX. 63 |
| BACHARELATO | PX. 65 |
| METODOLOXÍA | PX. 66 |
| MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS | PX. 67 |
| LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BAC | PX. 68 |
| INTRODUCCIÓN | PX. 69 |
| OBXECTIVOS | PX. 71 |
| SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS | PX. 72 |
| AVALIACIÓN DE CRITERIOS E ESTÁNDARES | PX. 77 |
| AVALIACIÓN | PX. 81 |
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO SEMIPRESENCIAL | PX. 83 |
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO NON PRESENCIAL | PX. 84 |

| HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA | PX. 86 |
|---|---|
| INTRODUCCIÓN | PX. 87 |
| OBXECTIVOS | PX. 88 |
| SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS | PX. 89 |
| AVALIACIÓN DE CRITERIOS E ESTÁNDARES | PX. 94 |
| AVALIACIÓN | PX. 99 |
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO SEMIPRESENCIAL | PX. 101 |
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Ó ENSINO NON PRESENCIAL | PX. 102 |
| AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA | PX. 103 |
| ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | PX. 103 |